XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES. DE CATABOIS
Nif: Q6555339H - Tf: 881930233 - Fax: 881930241
Estrada de Catabois, 560. 15405 FERROL
e-mail: ies.catabois@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesdecatabois

# DEPARTAMENTO

# DE

# LATÍN

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

# 2022 - 2023

| | |
|---|---|
| Materias | CULTURA CLÁSICA 3º ESO<br>LATÍN 4º ESO |

| Xefa do departamento | Materias |
|---|---|
| Mª ROSA RODRÍGUEZ SERANTES | CULTURA CLÁSICA 3º ESO<br>LATÍN 4º ESO |

ÍNDICE

PÁXINA


1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN. 4
   1.1. MARCO LEXISLATIVO. 4
   1.2. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO 5
   1.3. CONTEXTUALIZACIÓN 6
2. OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA 7
3. CULTTURA CLÁSICA 3º ESO 9
   3.1. INTRODUCIÓN 9
   3.2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA CULTURA CLÁSICA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. 11
   3.3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA MATERIA DE CULTURA CLÁSICA EN DE 3º ESO 15
   3.4 . CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE: 17
   - TEMPORALIZACIÓN. 17
   - GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA. 17
   - PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. 17
   3.5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA DE CULTURA CLÁSICA. 27
   3.6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR. 29
   3.7 CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO. 30
4. LATÍN 4º ESO 37
   4.1. INTRODUCIÓN. 37
   4.2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA LATÍN PARA 4º DE ESO AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. 38
   4.3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA MATERIA DE LATÍN EN 4º DE ESO 42
   4.4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE: 43
   - TEMPORALIZACIÓN. 43
   - GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA. 43
   - PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. 43
   4.5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA DE LATÍN. 59
   4.6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR. 60
   4.7 CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO. 62
5. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE. 70
6. PLAN XERAL DE RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE DE CULTURA CLÁSICA. 72
7. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS. 73
8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. 74
9. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA. 77
10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS POR CADA DEPARTAMENTO DIDÁCTICO 78
11. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC. 79
12. ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR. 80
13. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA. 83
14. MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA. 84
15. OBSERVACIÓNS. 85

# 1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

## 1.1. MARCO LEXISLATIVO

O seguinte documento recolle a programación didáctica correspondente aos cursos pares de ESO e Bacharelato, xa que o curso 2022-2023 establécese como curso de transición entre a LOMCE e a LOMLOE. Así, 2º de ESO, 4º de ESO e 2º de Bacharelato seguirán o plan LOMCE e recolleranse neste documento. As programacións correspondentes aos cursos impares elaboraranse na aplicación PROENS.

**Lei Orgánica 8/2013 para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE).**

En desenvolvemento normativo posterior:

**Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato. (BOE 03/01/2015).**

**Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relación entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE 29/01/2015).**

**Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 29/06/2015)**

**Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 29/07/2015).**

No calendario de implantación derivado do novo marco normativo establécese que no curso escolar 2015/16 se implantarán as modificacións no currículo, a organización, os obxectivos, os requisitos para a obtención de certificados e títulos, os programas, a promoción e as avaliacións de educación secundaria obrigatoria para os cursos primeiro e terceiro, e para os cursos segundo e cuarto no curso escolar 2016/2017.

De acordo co calendario de implantación previsto na disposición derradeira primeira do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, no ano académico 2016/17 implantaranse as

modificacións introducidas no currículo da etapa correspondentes aos cursos segundo e cuarto.

Así mesmo, no ano académico 2016/17 implantaranse, no segundo curso da educación secundaria obrigatoria, os programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento, regulados no artigo 20 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño.

En cumprimento desta normativa preséntase a programación das materias de **CULTURA CLÁSICA** para **3º de ESO** e **LATÍN para 4º de ESO .**

## 1.2. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO

Con data do 31 de Agosto de 2022 cesa DAVID TEIJEIRO DOPICO no cargo de xefe de Departamento. Nomease, con data do 1 de setembro de 2022, a **Mª Rosa Rodríguez Serantes** Xefa do Departamento. Quedando constituído o Departamento polos seguintes membros:

**Mª Rosa Rodríguez Serantes,** Xefa do Departamento, profesora de ensinanza secundaria especialidade Xeografía e Historia, con destino definitivo no Centro.

O Departamento no curso 2022-23 ten 3 horas de carga lectiva asignada, dado que, a materia de Cultura Clásica non se impartirá neste curso en 3º de ESO (3 horas), por non haber matriculados un número suficiente de alumnos/as para formar grupo.

O reparto de materias e grupos entre o profesorado, queda como se reflicte na seguinte táboa:

| PROFESOR/A | MATERIA/AS | CURSO//GRUPO/S | CARGA LECTIVA |
|---|---|---|---|
| **Mª Rosa Rodríguez Serantes** | **LATÍN** | **4º ESO A** | **3H.** |

## 1.3- CONTEXTUALIZACIÓN

O IES de Catabois é un centro de titularidade pública dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

No centro impártense ensinanzas de 1º e 2º ciclo da ESO, 1º e 2º de Bacharelato e os Programas Formativos Básicos de Cualificación, dous perfís, Auxiliar de Almacén e Comercios. Ditos programas lévanse a cabo coa participación das Consellerías de Educación e Traballo, Concellos de Ferrolterra e os IES da comarca.

Está situado as aforas da cidade próximo a zona rural circundante. O alumnado procede unha parte da zona dos ensanches da cidade, outra das parroquias rurais do municipio, como son: Mandiá, Covas e Esmelle e outra parte das barrios periféricos. Maioritariamente necesitan transporte para chegar ao instituto.

O centro responde a un entorno socioeconómico e cultural fundamentalmente medio-baixo, no que predominan pais con estudios primarios e pertencentes ao medio semirural.

Polo que atinxe ao alumnado, a maioría deles reciben dos seus pais o apoio e os medios para a súa formación e estudios, aínda que hai unha porcentaxe moi importante na que a implicación da familia moi baixa. Nos estudios de ESO é onde mellor reflíctese a variedade intrínseca. Neste nivel educativo constatamos a presenza de numerosos fillos de familias desestrutuadas con serios problemas económicos aos que súmanse dificultades de aprendizaxe de todo tipo (dislexias, TDAH...). Temos un importante número de alumnado de etnia xitana con problemas de absentismo e escasa motivación académica.

Pese a esas dificultades, subliñemos que, en xeral, o trato é cordial e respectuoso co profesorado.

## 2. OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

A finalidade da Educación Secundaria Obrigatoria é lograr que os alumnos adquiran os coñecementos e as habilidades básicas da cultura, especialmente nos ámbitos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico. Igualmente, os alumnos han de desenvolver e consolidar tanto hábitos de estudo e traballo como habilidades e actitudes que lles permitan afrontar con éxito o reto que supón educarse e formarse nunha sociedade cambiante. Os obxectivos da ESO son:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos o respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

# 3. CULTURA CLÁSICA 3º ESO

## 3.1. INTRODUCCIÓN

Neste ano lectivo non contamos coa presenza suficiente de alumnado para formar grupo de Cultura clásica en 3º da ESO. Con todo temos alumnado en 4º de ESO coa materia pendente.

A Cultura Clásica supón o primeiro achegamento sistemático, e quizais o único, ao mundo grecorromano, do que poida dispor o alumnado ao longo do seu proceso formativo. Integrada no currículo da Educación secundaria obrigatoria, compaxina o coñecemento e comprensión do mundo clásico cunha toma de conciencia da súa presenza no mundo actual. O estudo do mundo grecolatino nas áreas da cultura, a literatura, as artes e as ciencias, e o recoñecemento da súa transmisión e continuidade, será de gran importancia para tomar e ter conciencia da súa identidade. Esta materia ten un obxectivo básico: coñecer os aspectos máis relevantes das sociedades e as culturas de Grecia e Roma e descubrir dende o mundo de hoxe o fío que nos guía ata elas. A cultura grecolatina, patrimonio común e irrenunciable, é a base necesaria dunha parte moi considerable do pensamento humano occidental, e as formas creadas polo xenio de gregos e romanos constitúen o soporte e a esencia da nosa civilización.

Mediante a comparación constante entre o seu entorno e a diversidade dos clásicos grecorromanos o alumnado será quen de recoñecer en que medida o seu presente é froito, xa directo, xa interpretado por sucesivas xeracións, dun rico proceso creador que transcorre ao longo de máis de trinta séculos de historia. Pero esta achega, aínda que moi importante, non é exclusiva, polo que deberá valorar tamén aqueles elementos asimilados doutras culturas. Así mesmo, comprobará de que xeito a cultura clásica se converte na enerxía vivificadora de todo renacemento cultural, e en particular de aquel co que se inaugura a época Moderna.

O coñecemento do marco xeográfico e histórico e dos aspectos máis relevantes das sociedades grega e romana, dende a que se transmitiron modos de vida, institucións ou creacións literarias, técnicas e artísticas aportará un instrumento de referencia necesario

para entender a configuración e o progreso de Europa, os antecedentes históricos da organización social, e a delimitación dos dereitos das persoas. O estudo básico dos fundamentos das linguas grega e latina, das regras elementais de evolución fonética e da formación das palabras dota ao alumnado dos coñecementos necesarios para comezar a entender a evolución lingüística, determinar os procesos de cambio fonético e semántico e ilustrar os procedementos que actúan na formación do léxico. A cultura que modelou o noso presente e fixa boa parte dos nosos canons estéticos é tamén transmisora de valores universais, que entroncan a nosa herdanza cultural coas raíces do mundo clásico.

O acercamento ás narracións míticas xunto coa lectura, aínda que fragmentaria, de textos da literatura clásica axudará a observar como temas e tópicos da cultura grecolatina se transmitiron ata hoxe e seguen vivas nos nosos escritos e mesmo nas expresións da lingua cotiá. O seu carácter opcional fai necesario dotar ao ensino desta materia dunha gran flexibilidade para adecuala á realidade de cada centro e do seu alumnado. As directrices deste currículo han de tomarse como orientacións abertas cara ao logro dos obxectivos sinalados para a etapa.

## 3.2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE .

| | CONTRIBUCIÓN AO LOGRO DA COMPETENCIA | DESCRIPTORES |
|---|---|---|
| Competencia Lingüística. (CCL) | As contribucións desta materia á competencia en comunicación lingüística son importantes. Por un lado a través da lectura comprensiva de textos variados, da busca e tratamento da información obtida, así como a síntese para a expresión oral e escrita. Por outro, é un instrumento inmellorable para a adquisición dun vocabulario pasivo e activo baseado nos termos que se expliquen ao longo do curso, incluídos os seus compoñentes e as regras de combinación. | - Comprender o sentido dos textos escritos e orais.<br>- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.<br>- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...<br>- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.<br>- Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para darlle un mellor uso. |
| Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CMCCT) | A aprendizaxe da Cultura Clásica vai contribuír ao desenvolvemento desta competencia na medida que axuda a coñecer a orixe da matemática moderna, xa que moitos dos principios e teoremas que se empregan actualmente foron desenvolvidos polos matemáticos gregos. Tamén moitas das ciencias tiveron o seu primeiro desenvolvemento na Antigüidade, como a xeografía, a zooloxía, a botánica ou a astronomía. Ademais, o coñecemento de étimos grecolatinos presentes na linguaxe matemática axuda a mellorar a comprensión de conceptos, enunciados e outros contidos científicos e matemáticos. | - Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.<br>- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...). |

| | CONTRIBUCIÓN AO LOGRO DA COMPETENCIA | DESCRIPTORES |
|---|---|---|
| **Competencia dixital. (CD)** | Esta materia contribúe a esta competencia posto que a súa dimensión histórica e cultural favorece que o alumnado utilice as novas tecnoloxías para seleccionar de forma adecuada diversas fontes de información, analizalas e interpretalas, valorar a súa validez e fiabilidade e traballar de xeito colaborador sobre os materiais seleccionados. Ademais, tamén fomenta a presentación de traballos en soporte dixital e favorece o desenvolvemento das habilidades necesarias para a súa exposición de forma autónoma que lles permita chegar a conclusións novas e resolver situacións de forma orixinal, sentíndose autores e protagonistas dos resultados e conclusións obtidos. | - Empregar varias fontes para a busca de información.<br>- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.<br>- Elaborar información propia derivada da información obtida a través de medios tecnolóxicos.<br>- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.<br>- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.<br>- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria. |
| **Aprender a aprender (CAA)** | O estudo desta materia contribúe a que o alumno sexa consciente de que ao longo da historia da humanidade o home sempre estivo a aprender e baseou a aprendizaxe nos coñecementos anteriores. Esta competencia supón ter ferramentas que faciliten a aprendizaxe, pero tamén ter unha visión estratéxica dos problemas e saber prever e adaptarse aos cambios que se producen cunha actitude positiva. | - Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.<br>- Xestionar os recursos e motivacións persoais a favor da aprendizaxe.<br>- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.<br>- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...<br>- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.<br>- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. |

| | CONTRIBUCIÓN AO LOGRO DA COMPETENCIA | DESCRIPTORES |
|---|---|---|
| **Competencias sociais e cívicas. (CSC)** | Esta competencia adquírese ao entender a civilización grega e romana como creadoras dos dereitos e deberes dos individuos e os grupos e dos mecanismos que aseguran a súa participación na vida pública. O estudo desta materia desenvolve no alumnado actitudes de cidadáns activos e comprometidos mediante a comprensión do noso pasado, o estudo da configuración social e política, os acontecementos máis destacados da súa historia, o seu concepto de ocio e de traballo e a influencia que todo iso tivo na configuración da sociedade actual en todas as súas dimensións. A tolerancia, a capacidade de respectar as diferenzas e o diálogo como base dos acordos son algunhas das destrezas que o alumnado tamén adquire grazas ao papel mediador de Grecia e de Roma. | - Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.<br>- Recoñecer a riqueza que supón a diversidade de opinións e ideas.<br>- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.<br>- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.<br>- Respectar os distintos ritmos e potencialidades.<br>- Involucrarse ou promover accións cun fin social. |
| **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE)** | Esta materia contribúe a fomentar a autonomía e iniciativa persoal na medida que se utilizan procedementos que esixen planificar, avaliar distintas posibilidades e tomar decisións. A exposición de traballos individuais ou en grupo e a realización de debates implican valorar as achegas doutros compañeiros, aceptar posibles erros, e non se render ante as dificultades. En definitiva, achega posibilidades de mellora e fomenta o afán de superación.<br>Traballarase coa planificación de proxectos en equipo, reforzando os valores democráticos, a participación e a toma de decisión responsables. | - Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.<br>- Ser constante no traballo, superando as dificultades.<br>- Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.<br>- Dar prioridade á consecución de obxectivos de grupo fronte a intereses persoais.<br>- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.<br>- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.<br>- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. |

| | CONTRIBUCIÓN AO LOGRO DA COMPETENCIA | DESCRIPTORES |
|---|---|---|
| **Conciencia e expresións culturais. (CCEC)** | Por medio da Cultura Clásica o alumnado aprende a apreciar manifestacións culturais e artísticas en xeral (literatura, pintura, escultura, arquitectura, dereito, institucións políticas, historia, filosofía...); a valorar feitos culturais, como a mitoloxía ou a relixión, que forman parte da tradición da nosa civilización; a recoñecer o concepto da estética e a beleza; a ampliar a súa visión do mundo con visitas a museos e exposicións, co coñecemento doutras linguas e outras culturas, co teatro, a ópera, a música, etc. Todo iso contribúe, sen dúbida, á adquisición desta competencia. | - Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.<br>- Apreciar a beleza das expresións artísticas e do cotián.<br>- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.<br>- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento. |

## 3.3. . OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA MATERIA DE CULTURA CLÁSICA

O currículo básico da materia articulase en bloques temáticos pertencente a dous ámbitos diferentes que marcan os obxectivos da materia:

**A.** O ámbito lingüístico orientado a analizar a relación de parentesco entre as linguas clásicas e un bo número das que se falan na actualidade. Concretamente:

- O estudo da orixe evolución da familia lingüística indoeuropea, á que pertencen o latín e o grego e da que se deriva unha boa parte das linguas modernas.
- A descrición do marco histórico onde ten lugar esa evolución.
- A orixe e evolución da escritura e a súa diversidade de sistemas e alfabetos.
- papel que o latín e o grego xogaron na configuración das linguas modernas, en especial na composición culta e na formación do léxico
- A comprensión da propia lingua e o seu uso como elemento esencial para a comunicación e a adquisición de coñecementos.

**B.** O ámbito non lingüístico que engloba o resto dos aspectos máis característicos da cultura grecorromana, de xeito que o alumnado sexa quen de analizar e comprender os trazos comúns e distintos, valorar a herdanza clásica e respectar o patrimonio cultural da humanidade. Concretamente:

- O marco xeográfico e histórico en que se desenvolveron as civilizacións grega e romana ao longo do tempo como orixe da civilización occidental.
- O estudo das relixións grega e romana, a relixiosidade oficial, os cultos públicos e privados, as manifestacións deportivas relacionadas, as festividades relixiosas e os valores culturais asociados a ela.
- A mitoloxía, as narracións míticas e lendarias, o mundo dos deuses e dos heroes, e o seu mantemento na cultura contemporánea.
- As manifestacións artísticas das civilizacións grega e romana, que serviron e serven de modelo a moitas das producións actuais, a arquitectura, a escultura e as artes decorativas.
- A literatura, cuxa configuración en xéneros e o legado de temas, tópicos e recursos estilísticos que determina toda a nosa tradición literaria.

- A ciencia e o pensamento no mundo clásico e a súa transcendencia para a cultura occidental posterior.
- A vida cotiá, a organización política e social do mundo grecorromano, as clases sociais, a vida pública e privada, e os valores cívicos que se transmitiron á cultura occidental.

## 3.4 . CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE:

## - TEMPORALIZACIÓN.
## - GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.
## - PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

### 1ª AVALIACIÓN- Cultura Clásica- 3º de ESO

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo de Consecución de cada estándar | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | **Bloque 1. Xeografía** | | | | | • **PROBAS ESCRITAS:**<br>En cada avaliación haberá unha o máis probas escritas sobre os contidos da materia atendendo ao cumprimento dos criterios de avaliación. Estas probas versarán esencialmente sobre os contidos que se desenvolveron durante ese período do curso e de acordo coa metodoloxía de traballo e as actividades desenvolvidas, co obxectivo de comprobar se o grao de consecución dos estándares é o adecuado.<br>En ditas probas se intentará combinar diversos tipos de preguntas: tipo test, de resposta corta, casos prácticos... relacionados cos contidos desenvoltos.<br>En cada proba figurará a puntuación que se lle vai dar a cada pregunta, esta darase cun número entre 0 e 10 podendo levar decimais.<br>• **PROBAS ORAIS:**<br>Non é doado levar a cabo probas orais |
| ▪ f<br>▪ o<br>▪ | ▪ B1.1. Marco xeográfico das civilizacións grega e romana. | ▪ B1.1. Localizar nun mapa fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.<br>▪ B1.2. Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia. | ▪CCB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico en que se sitúan en distintos períodos as civilizacións grega e romana, delimitando o seu ámbito de influencia, establecendo conexións con outras culturas próximas e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.<br>▪ CCB1.2.1. Enumera aspectos do marco xeográfico que poden ser considerados determinantes no desenvolvemento das civilizacións grega e latina, e achega exemplos para ilustrar e xustificar as súas formulacións. | CMCCT<br>CD<br>CAA<br>CSC | **Sinala sobre un mapa os puntos xeográficos da civilización grega vistos na clase.**<br><br>**Sinala sobre un mapa os restos arqueolóxicos da civilización romana vistos na clase.** | |
| | **Bloque 6. Lingua e literatura** | | | | | |
| ▪ e | B6.1. Historia da escritura. Signos e materiais. | ▪ B6.1. Coñecer a existencia de diversos tipos de escritura, distinguilos e comprender as súas funcións. | ▪ CCB6.1.1. Recoñece tipos de escritura, clasifícaos consonte súa natureza e a súa función, e describe os trazos que os distinguen. | CD<br>CCEC<br>CCL | **Distingue e sitúa distintos tipos de escritura.** | |

## 1ª AVALIACIÓN- Cultura Clásica- 3º de ESO

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo de Consecución de cada estándar | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ e | B6.2. Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o alfabeto romano. | ▪ B6.2. Coñecer a orixe do alfabeto e distinguir os tipos de alfabetos usados na actualidade.<br>▪ B6.3. Recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais. | ▪ CCB6.2.1. Nomea e describe os trazos principais dos alfabetos máis utilizados no mundo occidental, diferenciándoos doutros tipos de escrituras, e explica a súa orixe.<br>▪ CCB6.3.1. Explica a influencia dos alfabetos grego e latino na formación dos alfabetos actuais, e sinala nestes últimos a presenza de determinados elementos tomados dos primeiro | CAA<br>CCEC<br>CCL<br>CD<br>CMCCT | **Coñece os alfabetos grego e romano.**<br><br>**Nomea e describe os trazos principais dos alfabetos máis utilizados no mundo occidental.**<br><br>**Explica a influencia dos alfabetos grego e latino na formación dos alfabetos actuais.** | de maneira sistemática en cada avaliación, por carecer do tempo necesario.<br>Contamos, coa observación directa a través da intervención e participación do alumnado nos debates e postas en común durante as clases; exposicións orais dos traballos de investigación; isto xunto coas probas que sexa posible levar a cabo medirá a competencia oral.<br>• **CADERNO**:<br>O caderno de clase estará destinado á toma de apuntamentos, á realización de actividades e exercicios de repaso/ reforzo, e ao arquivo dos materiais complementarios que entregue o profesorado.<br>No mesmo avaliaranse positiva ou negativamente aspectos como: limpeza, orde, corrección cantidade de material recompilado, ortografía,… A observación do caderno de clase proporciona datos, entre outros, sobre o nivel de expresión escrita e gráfica do alumno e sobre os seus hábitos de traballo: sistemático e perseverante no desenvolvemento e revisión das tarefas.<br>• **TRABALLOS INDIVIDUAIS E DE** |
| ▪ f<br>▪ ñ<br>▪ o | B6.3. As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas. | ▪ B6.4. Coñecer a orixe común das linguas indoeuropeas. | ▪ CCB6.4.1. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas, sinalando os idiomas modernos que se derivan de cada unha e os aspectos lingüísticos que evidencian o seu parentesco | CMCCT<br>CD<br>CSC | **Sitúa nun mapa as principais linguas indoeuropeas de España e de Europa.** | |
| ▪ l<br>▪ ñ<br>▪ o | B6.4. As linguas romances. | ▪ B6.5. Identificar as linguas europeas romances e non romances, e localizalas nun mapa | ▪ CCB6.4.2.Describe a evolución das linguas romances a partir do latín como un proceso histórico, explicando e ilustrando con exemplos os elementos que evidencian do xeito máis visible a súa orixe común e o parentesco existente entre elas.<br>▪ CCB6.5.1. Identifica as linguas que se falan en Europa e en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan. | CCL<br>CCEC<br>CSC<br>CD<br>CCA | **Coñece e sitúa nun mapa as linguas románicas europeas.**<br>**Coñece a evolución das linguas romances a partir do latín.**<br><br>**Distingue as linguas Romances das non romances faladas en Europa.** | |

# 1ª AVALIACIÓN- Cultura Clásica- 3º de ESO

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo de Consecución de cada estándar | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ h<br>▪ ñ<br>▪ o | B6.5. Composición e derivación culta de orixe grega e latina. | ▪ B6.6. Identificar a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas. | ▪ CCB6.6.1. Recoñece e explica o significado dalgúns dos helenismos e latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España e doutras linguas modernas, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.<br>▪ CCB6.6.2. Explica o significado de palabras a partir da súa descomposición e da análise etimolóxica das súas partes. | CCL<br>CCA | **Recoñece prefixos, sufixos e lexemas grecolatinos en termos galegos e casteláns.**<br><br>**Pode facer un estudo etimolóxico de palabras sinxelas.** | **GRUPO:**<br>• Se valorará tendo en conta si recolle todos os puntos solicitados, respecta a extensión mínima e máxima, si se ten fixado, a entrega en prazo, o esforzo e a creatividade na presentación, a utilización das tecnoloxías da información e o grao de coordinación na toma de decisións en grupo. Tamén se valorará a capacidade de expresión das propias ideas, así como o sentido da responsabilidade co traballo solicitado. Valorarase a capacidade para traballar con autonomía e iniciativa, así como o espírito de colaboración, o traballo en equipo, e a constancia e perseveranza<br>**ACTITUDE E TRABALLO DIARIO NA CLASE:**<br>Se valorará a realización de tarefas e exercicios encomendados para realizar na casa e na aula , esforzo por superar as dificultades, expresión oral e escrita, presentación coidada do caderno, realización e participación en actividades ou traballos individuais e colectivos, interese e actitude positiva cara a materia participación, e respecto polo traballo e as opinións dos demais, asistencia continuada a clase<br>**ACTIVIDADES:**<br>- Localización en mapas dos lugares máis significativos nas culturas grega e romana.<br>- Elaboración de esquemas ou mapas conceptuais sobre os distintos tipos de escritura.<br>- Comparación de diferentes alfabetos.<br>- Localización en mapas das distintas |
| ▪ e<br>▪ ñ<br>▪ o | B6.6. Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. | ▪ B6.7. Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais. | ▪ CCB6.7.1. Identifica e diferencia con seguridade cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, en relación co termo de orixe sen, necesidade de consultar dicionarios nin outras fontes de información.<br>▪ CCB6.7.2. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual. | CCA<br>CCL<br>CD | **Distingue os conceptos de Palabras patrimoniais, Cultismos e semicultismos e aporta exemplos.**<br>**Coñece o significado das locucións latinas explicadas.** | |
| ▪ f<br>▪ l<br>▪ ñ<br>▪ o | B6.7. Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán. | ▪ B6.8. Facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos. | ▪ CCB6.8.1. Explica os procesos de evolución dalgúns termos desde o étimo latino ata os seus respectivos derivados nas linguas romances, describindo algúns dos fenómenos fonéticos producidos e ilustrándoos con outros exemplos.<br>▪ CCB6.8.2. Realiza evolucións do latín ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución. | CCL<br>CCA | **Recoñece e aplica as regras básicas de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán.** | |
| ▪ f | B6.8. Léxico grecolatino na linguaxe científica e técnica. | ▪ B6.9. Coñecer e utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina. | ▪ CCB6.9.1. Explica a partir da súa etimoloxía termos de orixe grecolatina propios da linguaxe científico-técnica e sabe usalos con propiedade. | CCL<br>CCA | **Coñece e define palabras de uso frecuente na linguaxe científica e técnica, así como a súa orixe grega ou latina.** | |
| ▪ h<br>▪ ñ<br>▪ o | B6.9. Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas. | ▪ B6.10. Constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas. | ▪ CCB6.10.1. Demostra o influxo do latín e o grego sobre as linguas modernas servíndose de exemplos para ilustrar o mantemento nestas de elementos léxicos morfolóxicos e sintácticos herdados das primeiras. | CCL<br>CCA | **Recoñece a presenza de elementos das linguas clásicas nas linguas actuais.** | |

# 1ª AVALIACIÓN- Cultura Clásica- 3º de ESO

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo de Consecución de cada estándar | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ l | B6.10. Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais. | ▪ B6.11. Coñecer as principais características dos xéneros literarios grecolatinos e a súa influencia na literatura posterior.<br>▪ B6.12. Coñecer os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental. | ▪ CCB6.11.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios grecolatinos e recoñece a súa influencia na literatura posterior.<br>▪ CCB6.12.1. Nomea aos autores máis representativos da literatura grecolatina, encádraos no seu período histórico e cita as súas obras máis coñecidas. | CCEC<br>CCL<br>CCA | **Coñece os principais xéneros literarios latinos e os seus autores e obras máis destacados.** | familias lingüísticas do mundo.<br>- Localización en mapas das linguas románicas de España e de Europa.<br>- Actividades de evolución do latín ao galego e ao castelán.<br>- Exercicios de recoñecemento e uso de locucións latinas.<br>- Exercicios de investigación sobre a presenza do léxico grecolatino na linguaxe científica e técnica.<br>- Traballos de investigación sobre a presenza das linguas clásicas nas linguas modernas.<br>- Elaboración de esquemas sobre os distintos xéneros literarios e autores e obras principais.<br>- Traballos de investigación sobre a literatura clásica e a súa influenza na literatura galega e castelá.<br>- Exposicións orais dos traballos de investigación. |

| 2ª AVALIACIÓN- Cultura Clásica- 3º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** | **Grao mínimo de Consecución de cada estándar** | **PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.** |
| | **Bloque 2. Historia** | | | | | • **PROBAS ESCRITAS:**<br>En cada avaliación haberá unha o máis probas escritas sobre os contidos da materia atendendo ao cumprimento dos criterios de avaliación. Estas probas versarán esencialmente sobre os contidos que se desenvolveron durante ese período do curso e de acordo coa metodoloxía de traballo e as actividades desenvolvidas, co obxectivo de comprobar se o grao de consecución dos estándares é o adecuado.<br>En ditas probas se intentará combinar diversos tipos de preguntas: tipo test, de resposta corta, casos prácticos... relacionados cos contidos desenvoltos.<br>En cada proba figurará a puntuación que se lle vai dar a cada pregunta, esta darase cun número entre 0 e 10 podendo levar decimais.<br>• **PROBAS ORAIS:**<br>Non é doado levar a cabo probas orais de maneira sistemática en cada avaliación, por carecer do tempo necesario.<br>Contamos, coa observación directa a través da intervención e participación do alumnado nos debates e postas en común durante as clases; exposicións orais dos traballos de investigación; isto xunto coas probas que sexa posible levar a cabo medirá a competencia oral.<br>• **CADERNO**:<br>O caderno de clase estará destinado á toma de apuntamentos, á realización de actividades e exercicios de repaso/ reforzo, e ao arquivo dos materiais |
| ▪ f<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ ñ | B2.1. Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico.<br>B2.2. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio. | ▪ B2.1. Identificar, describir e explicar o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.<br>▪ B2.2. Coñecer as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos. | ▪ CCB2.1.1. Sabe enmarcar determinados feitos históricos nas civilizacións grega e romana e no período histórico correspondente, póndoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas.<br>▪ CCB2.2.1. Distingue con precisión as etapas da historia de Grecia e Roma, nomeando e situando no tempo os principais fitos asociados a cada unha delas.<br>▪ CCB2.2.2. Explica o proceso de transición que se produce entre as etapas da historia de Grecia e Roma, describindo as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.<br>▪ CCB2.2.3. Elabora eixes cronolóxicos en que se representen fitos históricos salientables, consultando ou non fontes de información.<br>▪ CCB2.2.4. Sitúa dentro dun eixe cronolóxico o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana, sinalando períodos e identificando en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións.<br>▪ CCB2.3.1. Explica a romanización de Hispania e Gallaecia, describindo as súas causas e delimitando as súas fases.<br>▪ CCB2.3.2. Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e Gallaecia, sinalando a súa influencia na historia posterior do noso país. | CAA<br>CMCCT<br>CD<br>CSC<br>CAA<br>CCEC<br>CCL | **Distingue as etapas da historia de Grecia e Roma, explicando as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.**<br>**Describe as causas e delimita as fases da romanización de Hispania e Gallaecia, sinalando a súa influencia na historia posterior do noso país.** | |
| | **Bloque 5. Sociedade e vida cotiá.** | | | | | |

## 2ª AVALIACIÓN- Cultura Clásica- 3º de ESO

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo de Consecución de cada estándar | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ a | B5.1. Organización política en Grecia e en Roma. | ▪ B5.1. Coñecer as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas. | ▪ CCB5.1.1. Nomea os principais sistemas políticos da antigüidade clásica e describe, dentro de cada un, a forma de distribución e o exercicio do poder, as institucións, o papel que estas desempeñan e os mecanismos de participación política. | CSC<br>CCL | **Nomea e define os principais sistemas políticos de Grecia.**<br><br>**Nomea e define os principais sistemas políticos de Roma, institucións e funcións.** | complementarios que entregue o profesorado.<br>No mesmo avaliaranse positiva ou negativamente aspectos como: limpeza, orde, corrección cantidade de material recompilado, ortografía,… A observación do caderno de clase proporciona datos, entre outros, sobre o nivel de expresión escrita e gráfica do alumno e sobre os seus hábitos de traballo: sistemático e perseverante no desenvolvemento e revisión das tarefas.<br>• **TRABALLOS INDIVIDUAIS E DE GRUPO:**<br>• Se valorará tendo en conta si recolle todos os puntos solicitados, respecta a extensión mínima e máxima, si se ten fixado, a entrega en prazo, o esforzo e a creatividade na presentación, a utilización das tecnoloxías da información e o grao de coordinación na toma de decisións en grupo. Tamén se valorará a capacidade de expresión das propias ideas, así como o sentido da responsabilidade co traballo solicitado. Valorarase a capacidade para traballar con autonomía e iniciativa, así como o espírito de colaboración, o traballo en equipo, e a constancia e perseveranza<br>**ACTITUDE E TRABALLO DIARIO NA CLASE:**<br>Se valorará a realización de tarefas e |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ ñ | B5.2. Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais. | ▪ B5.2. Coñecer as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma. | ▪ CCB5.2.1. Describe a organización das sociedades grega e romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos da época e comparándoos cos actuais.<br>▪ CCB5.2.2. Describe as principais características e a evolución dos grupos que compoñen as sociedades grega e romana. | CSIEE<br>CSC<br>CCL | **Coñece a organización da sociedade grega e romana, describindo a evolución dos grupos sociais e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus** | |
| ▪ c<br>▪ ñ | B5.3. A familia en Grecia e Roma. | ▪ B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros. | ▪ CCB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, identificando e explicando a través deles estereotipos culturais e comparándoos cos actuais. | CSC<br>CCL | | |
| ▪ m | B5.4. Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo. | ▪ B5.4. Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma. | ▪ CCB5.4.1. Identifica e describe os tipos de vivenda, o modo de alimentación, os hábitos de hixiene e a vestimenta en Grecia e Roma.<br>▪ CCB5.4.2. Identifica e describe formas de traballo e relaciónaas cos coñecementos científicos e técnicos da época, e explica a súa influencia no progreso da cultura occidental. | CD<br>CAA<br>CSC<br>CMCCT<br>CCL | **Coñece os tipos de vivenda, o modo de alimentación, os hábitos de hixiene e a vestimenta en Grecia e Roma.**<br><br>**Coñece as formas de traballo e relaciónaas cos coñecementos científicos e técnicos da Época.** | |

# 2ª AVALIACIÓN- Cultura Clásica- 3º de ESO

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo de Consecución de cada estándar | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ D<br>▪ ñ | B5.5. Espectáculos públicos en Grecia e Roma. | ▪ B5.5. Identificar as principais formas de lecer da antigüidade<br>▪ B5.6. Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia Clásica e as actuais. | ▪ CCB5.5.1. Describe as principais formas de lecer das sociedades grega e romana, analizando a súa finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social.<br>▪ CCB5.6.1. Explica a orixe e a natureza dos Xogos Olímpicos, comparándoos e destacando a súa importancia con respecto a outras festividades deste tipo existentes na época, e comenta o seu mantemento no mundo moderno, establecendo semellanzas e diferenzas entre os valores culturais aos que se asocian en cada caso. | CSIEE<br>CAA<br>CSC<br>CCL<br>CD | **Describe as formas de lecer das sociedades grega e roma a vistas na aula.**<br>**Coñece a orixe e a natureza dos Xogos Olímpicos e os compara cos que existen na actualidade.** | exercicios encomendados para realizar na casa e na aula , esforzo por superar as dificultades, expresión oral e escrita, presentación coidada do caderno, realización e participación en actividades ou traballos individuais e colectivos, interese e actitude positiva cara a materia participación, e respecto polo traballo e as opinións dos demais, asistencia continuada a clase<br>**ACTIVIDADES:**<br>- Elaboración de esquemas ou mapas conceptuais sobre os distintos períodos da historia de Grecia e de Roma.<br>- Comparación dos sistemas políticos do mundo clásico cos actuais.<br>- Traballos de investigación sobre as clases sociais en Roma.<br>Debates sobre a situación da muller no mundo clásico e a situación actual.<br>- Exercicios de investigación sobre a educación no mundo grecolatino e comparación co sistema educativo actual.<br>- Visionado crítico de documentais sobre os espectáculos públicos en Grecia e Roma.<br>- Traballos de investigación sobre os espectáculos públicos no mundo clásico e comparación cos actuais.<br>- Exposicións orais dos traballos de investigación. |
| | **Bloque 7. Pervivencia na actualidade** | | | | | |
| ▪ l<br>▪ n<br>▪ ñ | B.7.1. Civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual. | ▪ B7.1. Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política. | ▪ CCB7.1.1. Sinala e describe algúns aspectos básicos da cultura e a civilización grecolatina que perviviron ata a actualidade, demostrando a súa vixencia nunha e noutra época mediante exemplos. | CCL<br>CAA | **Sinala e describe algúns aspectos básicos da cultura grecolatina que perviviron ata a actualidade.** | |
| ▪ l<br>▪ ñ | B7.3. Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. | ▪ B7.3. Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual. | ▪ CCB7.3.1. Enumera e explica algúns exemplos concretos nos que se pon de manifesto a influencia que o mundo clásico tivo na historia e as tradicións do noso país. | CCL<br>CSC | **Explica algúns exemplos nos que se pon de manifesto a influencia que o mundo clásico tivo na historia do noso país.** | |
| ▪ b<br>▪ e | B7.4. Traballos de investigación sobre a civilización clásica na nosa cultura. | ▪ B7.4. Realizar traballos de investigación sobre a pervivencia da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación. | ▪ B7.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación para recabar información e realizar traballos de investigación acerca da pervivencia da civilización clásica na nosa cultura. | CD<br>CAA | **Utiliza as tecnoloxías para realizar traballos de investigación acerca da pervivencia da civilización clásica na nosa cultura.** | |

# 3ª AVALIACIÓN- Cultura Clásica- 3º de ESO

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo de Consecución de cada estándar | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | **Bloque 3. Mitoloxía** | | | | | • **PROBAS ESCRITAS:**<br>En cada avaliación haberá unha o máis probas escritas sobre os contidos da materia atendendo ao cumprimento dos criterios de avaliación. Estas probas versarán esencialmente sobre os contidos que se desenvolveron durante ese período do curso e de acordo coa metodoloxía de traballo e as actividades desenvolvidas, co obxectivo de comprobar se o grao de consecución dos estándares é o adecuado.<br>En ditas probas se intentará combinar diversos tipos de preguntas: tipo test, de resposta corta, casos prácticos... relacionados cos contidos desenvoltos.<br>En cada proba figurará a puntuación que se lle vai dar a cada pregunta, esta darase cun número entre 0 e 10 podendo levar decimais.<br>• **PROBAS ORAIS:**<br>Non é doado levar a cabo probas orais de maneira sistemática en cada avaliación, por carecer do tempo necesario.<br>Contamos, coa observación directa a través da intervención e participación do alumnado nos debates e postas en común durante as clases; exposicións orais dos traballos de investigación; isto xunto coas probas que sexa posible levar a cabo medirá a competencia oral.<br><br>• **CADERNO**:<br>O caderno de clase estará destinado á toma de apuntamentos, á realización de actividades e exercicios de repaso/ |
| ▪ b | B3.1. O panteón grego e romano. | B3.1. Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina. | ▪ CCB3.1.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia, explicando a súa xenealoxía e establecendo as relacións entre os diferentes deuses. | CD<br>CCEC<br>CCL | **Coñece os principais deuses da mitoloxía grecolatina, coñece os seus atributos e funcións.** | |
| ▪ e<br>▪ a<br>▪ b<br>▪ ñ | B3.2. Mitos grecolatinos. Os heroes. | B3.2. Coñecer os mitos e os heroes grecolatinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais. | ▪ CCB3.2.1. Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian.<br>▪ CCB3.2.2. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa.<br>▪ CCB3.2.3. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno e sinalando as principais semellanzas e diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos, asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época.<br>▪ CCB3.2.4. Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas, sempre que sexan claras e sinxelas, describindo, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina. | CCEC<br>CD<br>CCL<br>CAA<br>CSC<br>CMCCT | **Recoñece os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina.**<br><br>**Compara os mitos da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas.**<br><br>**Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas dos mitos traballados na aula.** | |
| ▪ l<br>▪ ñ | B3.3. Relixión grega. | ▪ B3.3. Coñecer e comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais. | ▪ CCB3.3.1. Enumera e explica as principais características da relixión grega, póndoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo | CSC<br>CMCCT<br>CCEC | **Enumera e explica as principais características da relixión grega.** | |

## 3ª AVALIACIÓN- Cultura Clásica- 3º de ESO

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo de Consecución de cada estándar | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas. | | | reforzo, e ao arquivo dos materiais complementarios que entregue o profesorado.<br>No mesmo avaliaranse positiva ou negativamente aspectos como: limpeza, orde, corrección cantidade de material recompilado, ortografía,… A observación do caderno de clase proporciona datos, entre outros, sobre o nivel de expresión escrita e gráfica do alumno e sobre os seus hábitos de traballo: sistemático e perseverante no desenvolvemento e revisión das tarefas.<br>• **TRABALLOS INDIVIDUAIS E DE GRUPO:**<br>• Se valorará tendo en conta si recolle todos os puntos solicitados, respecta a extensión mínima e máxima, si se ten fixado, a entrega en prazo, o esforzo e a creatividade na presentación, a utilización das tecnoloxías da información e o grao de coordinación na toma de decisións en grupo. Tamén se valorará a capacidade de expresión das propias ideas, así como o sentido da responsabilidade co traballo solicitado. Valorarase a capacidade para traballar con autonomía e iniciativa, así como o espírito de colaboración, o traballo en equipo, e a constancia e perseveranza<br><br>**ACTITUDE E TRABALLO DIARIO NA CLASE:**<br>Se valorará a realización de tarefas e exercicios encomendados para realizar na casa e na aula , esforzo por superar as dificultades, expresión oral e escrita, |
| ▪ b | B3.4. Relixión romana: culto público e privado. | ▪ B3.4. Explicar os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado. | ▪ CCB3.4.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, e explica os trazos que lles son propios. | CSC<br>CMCCT<br>CCEC | **Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados.** | |
| | **Bloque 4 . Arte.** | | | | | |
| ▪ l<br>▪ b | B4.1. Fundamentos da arte clásica. | ▪ B4.1. Coñecer as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos. | ▪ CCB4.1.1. Recoñece os trazos básicos da arte clásica nas manifestacións artísticas antigas e actuais<br>▪ CCB4.1.2. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles aspectos relacionados coa arte grecolatina, asociándoos a outras manifestacións culturais ou a fitos históricos. | CD<br>CCEC<br>CMCCT | **Recoñece os trazos básicos da arte clásica nas manifestacións artística antigas, en imaxes as principais características da arte clásica** | |
| ▪ l | B4.2. Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas. | ▪ B4.2. Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares. | ▪ CCB4.2.1. Recoñece as características esenciais das arquitecturas grega e romana, identificando en imaxes a orde arquitectónica á que pertencen distintos monumentos, para razoar a súa resposta. | CCEC<br>CMCCT<br>CD | **Recoñece as características esenciais das arquitecturas grega e romana.** | |
| ▪ l | B4.3. Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas. | ▪ B4.3. Coñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática. | ▪ CCB4.3.1. Recoñece esculturas gregas e romanas en imaxes, encádraas nun período histórico e identifica nelas motivos mitolóxicos, históricos ou culturais. | CCEC<br>CMCCT<br>CD | **Coñece os períodos da escultura grega e e as características das súas esculturas e as identifica en imaxes.** | |
| ▪ l | B4.4. Enxeñería | ▪ B4.4. Coñecer as | ▪ CCB4.4.1. Describe as características, os principais | CSC | **Coñece as grandes obras públicas romanas, a súa función e a** | |

## 3ª AVALIACIÓN- Cultura Clásica- 3º de ESO

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo de Consecución de cada estándar | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ ñ | romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas. | creacións urbanísticas romanas, así como a súa rede viaria. | elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores. | CMCCT<br>CD<br>CCEC | **importancia para o desenvolvemento de Roma.** | presentación coidada do caderno, realización e participación en actividades ou traballos individuais e colectivos, interese e actitude positiva cara a materia participación, e respecto polo traballo e as opinións dos demais, asistencia continuada a clase<br>**ACTIVIDADES:**<br>- Elaboración de esquemas ou mapas conceptuais sobre deuses gregos e romanos.<br>- Exposicións sobre a presenza da mitoloxía clásica nas distintas manifestacións artísticas posteriores.<br>-Traballos de investigación sobre os mitos gregos e latinos e os heroes máis coñecidos.<br>- Localización en mapas das construcións arquitectónicas de orixe grecorromana máis salientables.<br>- Exercicios de investigación sobre a escultura grega e romana.<br>- Actividades sobre as obras de enxeñería romana e as vías, con especial atención á Via Nova.<br>. |
| ▪ e<br>▪ ñ | B4.5. Herdanza clásica no patrimonio artístico. | ▪ B4.5. Coñecer e saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo. | ▪ CCB4.5.1. Localiza nun mapa os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e súa cronoloxía aproximada. | CAA<br>CD<br>CCEC<br>CMCCT | **Coñece e sitúa os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo vistos** | |
| | **Bloque 7. Pervivencia na actualidade** | | | | | |
| ▪ l<br>▪ n<br>▪ ñ | B7.2. Mitoloxía e temas lexendarios nas manifestacións artísticas actuais. | ▪ B7.2. Coñecer a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios nas manifestacións artísticas actuais. | ▪ CCB7.2.1. Demostra a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios mediante exemplos de manifestacións artísticas contemporáneas nas que están presentes estes motivos. | CAA<br>CCEC | **Demostra a pervivencia da mitoloxía mediante exemplos.** | |
| ▪ b<br>▪ e | B7.4. Traballos de investigación sobre a civilización clásica na nosa cultura. | ▪ B7.4. Realizar traballos de investigación sobre a pervivencia da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación. | ▪ B7.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación para recabar información e realizar traballos de investigación acerca da pervivencia da civilización clásica na nosa cultura. | CD<br>CAA | **Utiliza as tecnoloxías para realizar traballos de investigación acerca da pervivencia da civilización clásica na nosa cultura.** | |

## 3.5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS. QUE REQUIRE A MATERIA

De un modo xenérico, a metodoloxía a empregar terá como finalidade que o alumnado sexa capaz, gradualmente, de aprender de forma autónoma polo que se baseará nos seguintes principios:

1 Pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado, nos seus distintos aspectos, para proceder a outras aprendizaxes que favorezan e melloren o devandito nivel de desenvolvemento.

2 Sublíñase a necesidade de estimular o desenvolvemento de capacidades xerais e das competencias básicas e específicas por medio do traballo da materia.

3 Será prioritaria a comprensión dos contidos que se traballan fronte a súa aprendizaxe mecánica.

4 Se propiciarán oportunidades para a posta en práctica dos novos coñecementos, de sorte que o alumnado poida comprobar o interese e a utilidade do aprendido.

5 Fomento da reflexión persoal sobre todo o traballo realizado.

6 Elaboración de conclusións respecto dos contidos traballados, de xeito que o alumnado analice o progreso dos seus coñecementos.

En concreto, na área de **Cultura Clásica:**

Dado o carácter optativo da materia de Cultura Clásica en 3º e 4º ESO e o amplo abano de contidos que abarca, tentaremos dende o primeiro momento potenciar a motivación, participación e creatividade do alumnado no desenvolvemento das clases e das actividades que se leven a cabo tanto dentro como fóra da aula (biblioteca, actividades extraescolares) se temos en conta que o número de alumnos que elixen esta materia é habitualmente reducido, pensamos que non só é posible senón moi conveniente a súa participación activa nas clases realizando e corrixindo exercicios, expoñendo traballos de xeito individual o colectivo, lendo e analizando textos ou debatendo sobre temas traballados.

O enfoque metodolóxico deberá favorecer a capacidade de autoaprendizaxe, de traballar en equipo e aplicar os métodos apropiados de investigación para seguir aprendendo ao longo da vida.

- Os textos converteranse no punto de partida para traballar simultaneamente os aspectos morfosintácticos da lingua latina, o seu léxico e a súa relación co galego e co castelán, así como os aspectos culturais relacionados cos textos traballados.
- Proporase unha secuencia de traballo axeitada e graduada por medio dunha metodoloxía activa, preferentemente de tipo indutivo-contextual, na que as normas se convertan en posesión permanente e en automatismo lingüístico.
- O enfoque irá dirixido a que o alumnado desenvolva e afiance as súas propias técnicas de traballo mediante diversas estratexias.
- Crearanse contextos de aprendizaxe e avaliación que comprometan o alumnado e que o leven a planificar e avaliar as súas realizacións, identificando os avances e as dificultades, de cara a autorregular o seu propio e singular proceso de aprender a aprender.
- Promoverase a participación do alumnado en pequenos traballos de investigación, coa orientación precisa para que poida acadar a capacidade de realizar un proxecto de investigación escolar de forma autónoma.
- Haberá que distinguir niveis de dificultade no contido e nas actividades para cubrir as diversas necesidades educativas do alumnado.
- Promoverase a utilización das TIC para informarse, aprender e comunicarse e para utilizar con sentido crítico, como recurso formativo, materiais de procedencia diversa.

### 3.6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Fomentarase especialmente a lectura e o resumo de textos que axuden os alumnos a adquirir a competencia lingüística que é básica para estruturar o coñecemento.

O alumnado terá o **LIBROS DE TEXTO** de referencia:

- **3°ESO:** Cultura Clásica. Saber hacer, Santillana Ed. 2015. ISBN: 978-84-9058-346-3 Castelá.

Tamén contamos con valiosas aportacións doutros manuais de diversas editoriais que se atopan a disposición no Departamento e na Biblioteca do noso centro, como:

- Mapas de Grecia, Roma e de Europa.
- Google maps para coñecer as cidades e zonas que hai que estudar nas unidades.
- Dicionarios de mitoloxía, de civilización romana, de galego e de castelán.
- O encerado, ordenador e canón para a explicación dos distintos contidos.
- Vídeos e DVDs para os aspectos culturais. Películas de tema grecorromano.

Con respecto á utilización das novas tecnoloxías: utilización de páxinas en INTERNET como Palladium, Culturaclasica.com, Culturaclasica.net, Chironweb, onde aparecen moitas actividades relacionadas cos temas que impartiremos.

- Recursos da web –Santillana e outros.

Calquera outro material que xurda durante o curso académico facilitado polo propio instituto.

## 3.7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

En todas as avaliacións a cualificación será a media ponderada das cualificacións obtidas segundo as seguintes porcentaxes:

| | |
|---|---|
| 70% da cualificación | **PROBAS**: A cualificación numérica obtida da proba ou da media das probas escritas u orais que traten sobre os contidos mínimos nas avaliacións que teñan máis dun exame , cada un deles terá que superar o 3,5 de nota para poder facer media, considerando que a avaliación estará aprobada no caso de ca media sexa 5 ou ben unha nota superior ao mesmo.<br>En cada proba figurará a puntuación que se lle vai dar a cada pregunta, esta darase cun número entre 0 e 10 podendo levar decimais. |
| 30% da cualificación | **ACTITUDE E TRABALLO DIARIO NA CLASE**: realización de tarefas e exercicios encomendados para realizar na casa e na aula , esforzo por superar as dificultades, expresión oral e escrita, presentación coidada do caderno, realización e participación en actividades ou traballos individuais e colectivos, interese e actitude positiva cara a materia participación, e respecto polo traballo e as opinións dos demais, asistencia continuada a clase |

Para superar con éxito cada avaliación o alumno debe obter 5 puntos ou máis de 5, ata un máximo de 10 puntos, despois de facer a suma dos tres criterios expostos anteriormente. A cualificación dos dous primeiros elementos poderá reducirse máximo un punto en función da ortografía, redacción e presentación dos traballos e exames.

Cando a cualificación resultante de facer a media da avaliación teña cinco ou máis decimais a cualificación redondéase ao enteiro superior .

Non se repetirá o exame a un/una alumno/a que falte o mesmo o día sinalado sen una causa debidamente acreditada mediante una xustificación.

A posta en práctica dun sistema de avaliación continua permitirá a aplicación dun reforzo inmediato naqueles casos nos que se detecten obxectivos non acadados, contidos non asimilados ou dificultades específicas que poidan impedir o progreso do alumno ou alumna. Propoñeranse actividades que permitan unha recuperación axeitada e inclusive abordar os contidos de xeito diferente (metodoloxicamente, en canto á profundidade dos mesmos ou no referente a súa secuenciación).

<table>
<tr><th colspan="2">Avaliación e cualificación</th></tr>
<tr><td rowspan="2">Avaliación</td><td>Procedementos:<br>Os procedementos de avaliación que aplicaremos son os seguintes:<br>🗁 Para o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación, de cara a acadar os obxectivos mínimos que lle permitan aprobar a materia. .<br>O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación e titoría.<br>Propoñeranse TAREFAS ESPECÍFICAS DE RECUPERACIÓN E REFORZO referentes as aprendizaxes desenvolvidas durante os tres trimestres do curso. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificados.<br>🗁 Para o alumnado que teña aprobadas todas as avaliacións propoñeranse TAREFAS DE CONSOLIDACIÓN-AMPLIACIÓN, co fin de que poidan afianzar os coñecementos adquiridos, mellorar a súa situación de cara á continuidade da súa formación e, no seu caso, subir as actuais cualificación.</td></tr>
<tr><td>Instrumentos:<br>🗁 ALUMNADO COA MATERIA APROBADA (todas as avaliacións superadas):<br><br>Propoñeranse aos alumnos actividades de ampliación, que serán avaliadas segundo os seguintes criterios:<br><br>0 puntos: para aqueles alumnos que realicen menos da metade das actividades propostas.<br>0´5 puntos: para aqueles que realicen a metade das actividades ou máis, pero non todas.<br>1 punto: para aqueles alumnos que realicen a totalidade das actividades.<br><br>Esta nota será engadida directamente á nota final da materia.<br><br>🗁 ALUMNADO CON ALGUNHA AVALIACIÓN SUSPENSA:<br><br>Os alumnos que non acaden a nota mínima dun 5 na materia ao final do curso por teren unha ou máis avaliacións suspensas realizarán dirante este período actividades de repaso e recuperación co obxectivo de repasar a materia suspensa. Serán examinados dos contidos mínimos da materia que aparecen na programación.</td></tr>
<tr><td>Cualificación final</td><td>🗁 ALUMNADO COA MATERIA APROBADA (todas as avaliacións superadas):<br>A nota final consistirá na porcentaxe das tres avaliacións que aparecen recollidas na programación á que se lle sumará directamente a nota obtida pola realización das actividades de ampliación deste período.<br>🗁 ALUMNADO CON ALGUNHA AVALIACIÓN SUSPENSA:<br>A nota final da materia será a obtida no exame global de contidos mínimos realizado na avaliación ordinaria de xuño. A proba terá un valor e 10 puntos. Neste caso, dita proba será o único instrumento de avaliación que se terá en conta, e considerarase superada cando se acade una puntuación igual ou superior a 5 puntos.<br>A decisión de promoción/titulación será unha competencia da Xunta de avaliación. A decisión será colexiada.</td></tr>
</table>

| Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| | |

**CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES**

| Bloque 1. Xeografía | |
|---|---|
| **1.** Marco xeográfico das civilizacións grega e romana. | Localizar nun mapa con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica. Enumera aspectos do marco xeográfico que poden ser considerados de-terminantes no desenvolvemento das civilizacións grega e latina. |
| **Bloque 2. Historia** | |
| 1. Marco histórico da civilización grega e romana | Coñecer as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, e saber situar nun eixe cronolóxico os principais feitos históricos. |
| 2. Romanización | Coñecer a romanización de Hispania e Gallaecia, describindo as súas causas e delimitando as súas fases. |
| **Bloque 3. Mitoloxía** | |
| 1. O panteón grego e romano. | Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina (xenealoxía, poderes, atributos e lendas máis salientables). Coñecer os e principais os heroes da mitoloxía grecolatina e as súas len-das máis relevantes. Recoñecer referencias mitolóxicas nas artes plásticas. |
| 2. Relixión grega e romana | Coñecer e comparar as características da relixión grega e romana. |
| **Bloque 4. Arte** | |
| 1. Arte clásica | Coñecer as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares. Recoñecer os trazos básicos da arquitectura clásica nas obras arquitectónicas antigas e actuais. Coñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática. Recoñece esculturas gregas e romanas en imaxes, encádraas nun período histórico e identifica nelas motivos mitolóxicos, históricos ou culturais. |
| 2. Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. As vías romanas. | Coñecer as creacións urbanísticas romanas, así como a súa rede viaria. Coñecer e saber localizar nun mapa os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo. |
| **Bloque 5. Sociedade e vida cotiá** | |
| 1. Organización política en Grecia e en Roma. | Coñecer as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, con especial atención á democracia grega e a constitución romana republicana. |
| 2. Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais. | Coñecer as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma. |
| 3. A familia en Grecia e Roma. | Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros. |
| 4. Vida cotiá en Grecia e Roma | Coñecer os tipos de vivenda, o modo de alimentación, os hábitos de hixiene e a vestimenta en Grecia e Roma. |
| 5. Espectáculos públicos en Grecia e Roma. | Coñecer a orixe e a natureza dos Xogos Olímpicos.<br>Coñecer as principais formas de lecer da sociedade romana. |
| **Bloque 6. Lingua e literatura** | |
| 1. Historia da escritura. Signos e materiais. | Coñecer a existencia de diversos tipos de escritura, distinguilos e comprender as súas funcións. Coñecer a orixe do alfabeto grego, as súas letras más importantes e os alfabetos derivados usados na |

| | |
|---|---|
| | actualidade. Coñecer a orixe do alfabeto latino e a súa evolución hasta a actualidade. |
| 1. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas. | Coñecer a orixe común das linguas indoeuropeas. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas, sinalando os idiomas modernos que se derivan de cada unha e os aspectos lingüísticos que evidencian o seu parentesco. Coñecer a evolución das linguas romances a partir do latín como un proceso histórico, explicando e ilustrando con exemplos os elementos que evidencian do xeito máis visible a súa orixe común e o parentesco existente entre elas. Identificar as linguas romances e non romances faladas en Europa, e localizalas nun mapa. |
| 2. Composición e derivación culta de orixe grega e latina. | Recoñecer e explicar o significado dalgúns dos helenismos e latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España e doutras linguas modernas, e explica o seu significado a partir do termo de orixe. Explica o significado de palabras a partir da súa descomposición e da análise etimolóxica das súas partes. |
| 3. Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos. | Distinguir e identificar latinismos, cultismos e termos patrimoniais, en relación co termo de orixe sen, necesidade de consultar dicionarios nin outras fontes de información. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual. Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán. |
| 4. Léxico grecolatino na linguaxe científica e técnica | Coñecer e utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina. |
| 5. Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais. | Coñecer as características esenciais dos xéneros literarios grecolatinos e recoñecer a súa influencia na literatura posterior. Coñecer os autores máis representativos da literatura grecolatina, encádraos no seu período histórico e citar as súas obras máis coñecidas. |
| **7. Pervivencia na actualidade** | |
| 1. Civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual. | Sinalar e describir algúns aspectos básicos da cultura e a civilización grecolatina que perviviron ata a actualidade, demostrando a súa vixencia nunha e noutra época mediante exemplos. |
| 2. Mitoloxía clásica | Coñecer a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios nas manifestacións artísticas actuais. |
| 3. Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. | Coñecer algúns exemplos concretos nos que se pon de manifesto a influencia que o mundo clásico tivo na historia e as tradicións do noso país. |
| 4.Traballos de investigación sobre a civilización clásica na nosa cultura | Realizar traballos de investigación sobre a pervivencia da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación. |

## RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DUNHA PROBA ESCRITA

| | EXCELENTE Sobresaínte (9-10) | MOI AVANZADO (Notable 7-9) | SATISFACTORIO (Ben, Suficiente: 5-7) | BÁSICO (Suspenso3-5) | ESCASO ou Suspenso (0-3) |
|---|---|---|---|---|---|
| **PRECISIÓN NAS RESPOSTAS** | Todas as respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión. | Case todas as respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión. | A maioría das respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión. | Poucas respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión. | A maioría das respostas non desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión. |
| **PRESENTACIÓN** | Todas as respostas están presentadas con limpeza e pulcritude. | Case todas as respostas están presentadas con limpeza e pulcritude. | A maioría das respostas están presentadas con limpeza e pulcritude. | Poucas respostas están presentadas con limpeza e pulcritude. | A maioría das respostas non están presentadas con limpeza e pulcritude. |
| **NÚMERO DE PREGUNTAS RESPONDIDAS** | Todas as preguntas están respondidas. | Respondeu polo menos o 80% das preguntas. | Respondeu polo menos o 70% das preguntas. | Respondeu polo menos o 50% das preguntas. | Respondeu menos do 50% das preguntas. |
| **GRAMÁTICA E ORTOGRAFÍA** | Non hai erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación e o texto lese con fluidez. | Case non hai erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación e o texto lese con fluidez. | Hai dous erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación, e o texto ten algunha dificultade para entenderse. | Hai tres erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación, e o texto enténdese con dificultade. | Hai máis de tres erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación, e o texto non se entende. |

## RÚBRICA PARA AVALIAR A EXPOSICIÓN ORAL DE TRABALLOS

| | EXCELENTE Sobresaínte (9-10) | MOI AVANZADO (Notable 7-9) | SATISFACTORIO (Ben, Suficiente: 5-7) | BÁSICO (Suspenso3-5) | ESCASO O Suspenso (0-3) |
|---|---|---|---|---|---|
| **PRESENTACIÓN** | O alumno preséntase de xeito formal e dá a coñecer o tema da presentación e o obxectivo que pretende. | O alumno preséntase de forma rápida e dá a coñecer o tema da presentación e o obxectivo que pretende. | O alumno preséntase de forma rápida e comeza a súa exposición sen mencionar o tema do que trata. | O alumno preséntase sen dicir o seu nome e menciona o tema de forma moi xeral. | Empeza a súa exposición sen facer unha presentación inicial. |
| **EXPRESIÓN ORAL** | Utiliza un vocabulario adecuado e a exposición é coherente. | O vocabulario é adecuado e a exposición é clara. | Fáltalle vocabulario e ten algún problema para expresar correctamente as súas ideas. | Manexa un vocabulario moi básico e ten problemas para transmitir con claridade as súas ideas. | Ten un vocabulario moi básico e non logra transmitir con claridade as súas ideas. |
| **VOLUME DE VOZ** | O seu volume de voz é adecuado, suficientemente alto como para ser escoitado desde todas as partes da aula, sen ter que berrar. | O seu volume de voz é adecuado e alto para ser escoitado por todos, aínda que, ás veces, cando dubida, baixa o volume. | Non é escoitado por toda a aula cando fala en voz alta, agás se se sente moi seguro e aumenta o seu volume de voz por uns segundos. | O seu volume de voz é medio e ten dificultades para ser escoitado por todos na aula. | O seu volume de voz é moi baixo como para ser escoitado por todos na aula. |
| **EXPRESIVIDADE** | As súas expresións faciais e a súa linguaxe corporal xeran un forte interese e entusiasmo sobre o tema nos outros. | Expresións faciais e linguaxe corporal que xeran en moitas ocasións interese e entusiasmo, aínda que algunhas veces se perde e non presenta toda a información. | Expresións faciais e linguaxe corporal que xeran nalgunhas ocasións interese e entusiasmo, aínda que moitas veces se perde e non presenta toda a información. | As súas expresións faciais e a súa linguaxe corporal mostran unha actitude pasiva e non xeran moito interese, pero algunhas veces, cando fala de algo que lle gusta moito, é capaz de mostrar algo de entusiasmo. | Moi pouco uso de expresións faciais ou linguaxe corporal. Non xera interese na forma de falar. |
| **INCLUSIÓN DOS ASPECTOS** | Expón claramente o traballo e achega referencias aos | Expón claramente o traballo, pero non relaciona | Expón claramente o traballo, pero non o | Ten dificultade para expoñer o traballo porque | Non expón o traballo nin coñece os conceptos |

| | EXCELENTE Sobresaínte (9-10) | MOI AVANZADO (Notable 7-9) | SATISFACTORIO (Ben, Suficiente: 5-7) | BÁSICO (Suspenso3-5) | ESCASO O Suspenso (0-3) |
|---|---|---|---|---|---|
| **RELEVANTES** | coñecementos traballados. | toda a exposición cos coñecementos traballados. | relaciona cos coñecementos traballados. | non entende os coñecementos traballados. | traballados necesarios para a súa realización. |
| **EXPLICACIÓN DO PLAN DE TRABALLO** | Explica cada paso con detalle, con lóxica e cronoloxicamente na orde na que o realizou. | Explica todos os pasos claramente, pero leouse un pouco coa orde. | Explica todos os pasos claramente, pero leouse na orde e foi necesario reorganizalo a través de preguntas. | Presenta dificultade á hora de diferenciar os pasos que deu e necesita axuda para explicalos con claridade. | Non identifica os pasos que deu nin é capaz de reconducir o discurso de forma guiada. |
| **RECURSOS DIDÁCTICOS** | A exposición acompáñase con soportes audiovisuais en diversos formatos, especialmente atractivos e de moita calidade. | Soporte visual adecuado e interesante na súa xusta medida. | Soporte visual adecuado. | Soporte visual non adecuado. | Sen soporte visual. |
| **TEMPO** | O alumno utilizou o tempo adecuado e cerrou correctamente a súa presentación. | O alumno utilizou un tempo axustado ao previsto, pero cun final precipitado ou excesivamente longo por falta de control do tempo. | O alumno utilizou o tempo adecuado, pero faltoulle cerrar a súa presentación; ou ben non utilizou o tempo adecuado, pero incluíu todos os puntos da súa presentación. | Excesivamente longo ou insuficiente para poder desenvolver o tema correctamente. | O alumno esqueceu por completo o tempo que tiña e saíu do tema. |

# 4. LATÍN 4º ESO

## 4.1. INTRODUCCIÓN

A normativa deixa claro que a materia de Latín na etapa da ESO ten como principal finalidade introducir o alumnado no coñecemento dos aspectos esenciais da lingua e da cultura latinas, facendo fincapé ao mesmo tempo no papel que estas desempeñan en tanto que orixe e fundamento das linguas romances e da cultura occidental, o que coñecemos como herdanza clásica.

É posible atoparse con alumnado que tivese cursado Cultura Clásica en 3º de ESO, mentres que para outros quizais sexa o primeiro contacto coa Antigüidade Clásica. Para atender a este grupo de alumnos/as, baseándonos na estreita relación entre ambas materias e a importancia que a lingua e a cultura grega ten nalgúns aspectos como o lingüístico ou o referido a súa pervivencia no mundo actual, parécenos conveniente introducir algúns puntos referido ao mundo grego, especialmente os relativos á formación de palabras (lexemas de orixe grega), aos mecanismos de composición e derivación (prefixo e sufixos gregos) e ao estudo da mitoloxía.

Partindo da experiencia e dadas as características do alumnado do centro (pouco hábito de traballo e estudo, escaso hábito lector, e dificultades na comprensión lectora e expresión oral e escrita), a nosa proposta nesta materia insistirá en todas estas cuestións, especialmente na comprensión lectora e expresión oral e escrita.

Neste curso hai 9 alumnos/as, este reducido grupo vai permitirnos traballar dunha maneira máis personalizada e atender moito mellor as necesidades de cada alumno/a.

## 4.2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE LATÍN 4º ESO AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

| | CONTRIBUCIÓN AO LOGRO DA COMPETENCIA | DESCRIPTORES |
|---|---|---|
| **Competencia Lingüística. (CCL)** | É a competencia con máis presenza na materia de Latín, xa que o estudo da lingua, da súa orixe e evolución, do seu funcionamento interno, do seu léxico e dos seus textos redundará nun maior coñecemento e dominio das linguas propias | - Comprender o sentido dos textos escritos e orais.<br>- Manter unha actitude favorable cara á lectura.<br>- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.<br>- Utilizar o vocabulario axeitado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.<br>- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...<br>- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.<br>- Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta.<br>- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.<br>- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou en materias diversas. |

| | | |
|---|---|---|
| **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CMCCT)** | A visión da xeografía e historia do mundo romano impulsará ao alumnado a comprender os procesos de cambio desde o mundo antigo ata a actualidade, traballando a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, mediante unha análise de fenómenos de complexidade progresiva, o razoamento lóxico e o rigor científico.<br>Poden ser traballadas nos temas de cultura e civilización latinas, nomeadamente na educación en Roma, no urbanismo e na enxeñaría romana, e as vías de comunicación, en tanto que manifestacións da actividade humana. | - Interactuar co ámbito natural de xeito respectuoso.<br>- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.<br>- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece a noso arredor e responder preguntas.<br>- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.<br>- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.<br>- Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.<br>- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá. |
| **Competencia dixital. (CD)** | Deberá estar presente en todo momento. Con esta competencia preténdese un achegamento do alumnado ás fontes principais de información e a súa aplicación no proceso de aprendizaxe, especialmente en todo o relativo ás novas tecnoloxías como instrumento para a busca de información específica sobre aspectos concretos do mundo antigo. Todo iso coa premisa da súa utilización creativa e crítica. | - Empregar distintas fontes para a busca de información.<br>- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.<br>- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.<br>- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.<br>- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías. |

| | | |
|---|---|---|
| **Aprender a aprender (CAA)** | O labor de análise morfosintáctica e tradución constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual e, ao mesmo tempo estimula a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando o razoamento<br>A materia de Latín debe contribuír de forma especial ao desenvolvemento desta competencia, potenciando nos alumnos e as alumnas a capacidade de iniciar, organizar e manterse na aprendizaxe; e iso conséguese motivando o alumnado na curiosidade pola materia, de modo que el mesmo se sinta protagonista da súa aprendizaxe. | - Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...<br>- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.<br>- Planificar os recursos necesarios e os pasos que se han de realizar no proceso de aprendizaxe.<br>- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.<br>- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.<br>- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe. |
| **Competencias sociais e cívicas. (CSC)** | A vida cotiá, na súa dimensión política, social ou relixiosa préstase sempre á valoración e á comparación co mundo actual fomentando un xuízo crítico da realidade. Deste xeito, cobran nova forza conceptos como democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e diversidade. | - Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.<br>- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.<br>- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.<br>- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.<br>- Aprender a comportarse dende o coñecemento dos distintos valores. |

| | | |
|---|---|---|
| Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE) | Estará presente sobre todo nos bloques de contidos non lingüísticos, para aproveitar a metodoloxía do traballo en grupo de xeito responsable e proactivo. Trata da potenciación de valores importantes no ser humano como son o autocontrol, a autoestima e a creatividade que permitan ao alumnado formarse como persoa e enfrontarse a diferentes situacións na vida. Traballarase coa planificación de proxectos en equipo, reforzando os valores democráticos, a participación cidadá e a toma de decisións responsables. | - Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.<br>- Ser constante no traballo, superando as dificultades.<br>- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.<br>- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e ter confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.<br>- Priorizar a consecución de obxectivos grupais sobre os intereses persoais.<br>- Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.<br>- Atopar posibilidades no ámbito que outros non aprecian.<br>- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.<br>- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo. |
| Conciencia e expresións culturais. (CCEC) | A aproximación ás manifestacións artísticas e literarias do mundo clásico desenvolverá a conciencia e expresión culturais, xa que porá en valor o noso patrimonio cultural, arqueolóxico, nos museos e nas manifestacións máis inmateriais da cultura grecorromana, como o pensamento, as crenzas, a mitoloxía, a estética e a ética. | - Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.<br>- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.<br>- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.<br>- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián. |

## 4.3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS DA MATERIA DE LATÍN PARA 4º DE ESO

Os obxectivos da materia de Latín en 4º de ESO enmárcanse baixo dous obxectivos primordiais: iniciar un estudio básico da lingua latina e coñecer os aspectos máis relevantes da sociedade e da cultura romana e a súa relación co mundo actual, de xeito que a materia contribúa a adquisición das competencias básicas (lingüística, social, artística, literaria).

Trátase ademais de que o estudio lo latín nesta etapa asente os fundamentos para o estudio das humanidades ou as ciencias sociais no bacharelato.

Os obxectivos que se pretenden alcanzar son:

1. Identificar e relacionar elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina que permitan a análise e a tradución de textos sinxelos.
2. Coñecer os paradigmas de declinación e conxugación regular.
3. Tradución de textos sinxelos orixinais ou non para despregar os mecanismos de estruturación mental que confirmen a firmeza dos coñecementos lingüísticos.
4. Lectura comprensiva de textos latinos traducidos para mellorar a expresión oral e escrita do alumnado ao tempo que adquire unha bagaxe cultural relacionada con diversos temas da antigüidade.
5. Coñecer a orixe e evolución das linguas romances para valorar as trazas comúns e a diversidade lingüística dos pobos de Europa.
6. Identificar palabras patrimoniais, cultismos e expresións latina en diferentes contextos lingüísticos.
7. Coñecer os aspectos relevantes da cultura e civilización romanas, tanto da vida privada coma da pública, así como da relixión, mitoloxía e arte.
8. Coñecer os xéneros literarios latinos e os seus principais representantes.
9. Coñecemento do papel de Roma na historia de Occidente, con especial énfase no coñecemento do patrimonio arqueolóxico, artístico e literario en Galicia.

## 4.4. . CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE DE:

- TEMPORALIZACIÓN.
- GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.
- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

### 1ª AVALIACIÓN- LATÍN. 4º DE ESO

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución | Competencias clave | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | **Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances** | | | |
| ▪ f<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪B1.1. Marco xeográfico da lingua. | ▪B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina. | ▪ LAB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica. | **Sinala sobre un mapa o marco xeográfico da lingua latina.** | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSC | • **PROBAS ESCRITAS:**<br>En cada avaliación haberá unha o máis probas escritas sobre os contidos da materia atendendo ao cumprimento dos criterios de avaliación. Estas probas versarán esencialmente sobre os contidos que se desenvolveron durante ese período do curso e de acordo coa metodoloxía de traballo e as actividades desenvolvidas, co obxectivo de comprobar se o grao de consecución dos estándares é o adecuado.<br>En ditas probas se intentará combinar diversos tipos de preguntas: tipo test, de resposta corta, casos prácticos… relacionados cos contidos desenvoltos.<br>En cada proba figurará a puntuación que se lle vai dar a cada pregunta, esta darase cun número entre 0 e 10 podendo levar decimais.<br><br>• **PROBAS ORAIS:** |
| ▪ e<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas. | ▪B1.2. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa actualmente. | ▪ LAB.1.2.1. Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión. | **Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias** | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT | |
| ▪ l<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas. | ▪B1.3. Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa. | ▪ LAB.1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan. | **Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas.** | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CD | |
| ▪ l<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B1.3. Linguas de España: linguas romances e non romances. | ▪B1.4. Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa. | ▪LAB1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan. | **Identifica e localiza nun mapa as linguas románicas faladas en España.** | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CD | |
| ▪ f<br>▪ ñ | ▪ B1.4. Palabras patrimoniais, | ▪ B1.5. Distinguir e identificar palabras | ▪LAB.1.5.1. Identifica e diferenza palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en | **Diferencia entre palabras patrimoniais, cultismos e** | ▪ CCL<br>▪ CAA | |

# 1ª AVALIACIÓN- LATÍN. 4º DE ESO

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución | Competencias clave | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ o | cultismos e semicultismos. | patrimoniais, cultismos e semicultismos. | relación co termo de orixe. | **semicultismos.** | | Non é doado levar a cabo probas orais de maneira sistemática en cada avaliación, por carecer do tempo necesario.<br>Contamos, coa observación directa a través da intervención e participación do alumnado nos debates e postas en común durante as clases; exposicións orais dos traballos de investigación; isto xunto coas probas que sexa posible levar a cabo medirá a competencia oral.<br>**CADERNO**:<br>O caderno de clase estará destinado á toma de apuntamentos, á realización de actividades e exercicios de repaso/ reforzo, e ao arquivo dos materiais complementarios que entregue o profesorado.<br>No mesmo avaliaranse positiva ou negativamente aspectos como: limpeza, orde, corrección cantidade de material recompilado, ortografía,… A observación do caderno de clase proporciona datos, entre outros, sobre o nivel de expresión escrita e gráfica do alumno e sobre os seus hábitos de traballo: sistemático e perseverante no desenvolvemento e revisión das tarefas.<br>• **TRABALLOS INDIVIDUAIS E DE GRUPO:**<br>• Se valorará tendo en conta si |
| **Bloque 2. Sistema da lingua latina: elementos básicos** | | | | | | |
| ▪ e | ▪ B2.1. Orixes da escritura. Sistemas de escritura. | ▪ B2.1. Coñecer diferentes sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto. | ▪LAB2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura e clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función. | **Coñece a orixe do alfabeto latino e a súa evolución ao galego e ao castelán.** | ▪ CD<br>▪ CCEC | |
| ▪ e | ▪ B2.2. Orixes do alfabeto latino. | ▪ B2.2. Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas e identificar os tipos de alfabeto empregados hoxe en día en Europa. | ▪LAB2.2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha delas, recoñece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan. | | ▪ CAA<br>▪ CD | |
| ▪ h | ▪ B2.3. Pronuncia do latín. | ▪ B2.3. Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas de pronuncia en latín. | ▪LAB2.3.1. Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta. | **Le textos en latín correctamente.** | ▪ CCL | |
| **Bloque 3. Morfoloxía** | | | | | | |
<tr><td rowspan="2">Avaliación</td><td>Procedementos:<br>Os procedementos de avaliación que aplicaremos son os seguintes:<br>🗁 Para o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación, de cara a acadar os obxectivos mínimos que lle permitan aprobar a materia. .<br>O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación e titoría.<br>Propoñeranse TAREFAS ESPECÍFICAS DE RECUPERACIÓN E REFORZO referentes as aprendizaxes desenvolvidas durante os tres trimestres do curso. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificados.<br>🗁 Para o alumnado que teña aprobadas todas as avaliacións propoñeranse TAREFAS DE CONSOLIDACIÓN-AMPLIACIÓN, co fin de que poidan afianzar os coñecementos adquiridos, mellorar a súa situación de cara á continuidade da súa formación e, no seu caso, subir as actuais cualificación.</td></tr>
<tr><td>Instrumentos:<br>🗁 ALUMNADO COA MATERIA APROBADA (todas as avaliacións superadas):<br>Propoñeranse aos alumnos actividades de ampliación, que serán avaliadas segundo os seguintes criterios:<br><br>0 puntos: para aqueles alumnos que realicen menos da metade das actividades propostas.<br>0´5 puntos: para aqueles que realicen a metade das actividades ou máis, pero non todas.<br>1 punto: para aqueles alumnos que realicen a totalidade das actividades.<br><br>Esta nota será engadida directamente á nota final da materia.<br><br>🗁 ALUMNADO CON ALGUNHA AVALIACIÓN SUSPENSA:<br><br>Os alumnos que non acaden a nota mínima dun 5 na materia ao final do curso por teren unha ou máis avaliacións suspensas realizarán dirante este período actividades de repaso e recuperación co obxectivo de repasar a materia suspensa. Serán examinados dos contidos mínimos da materia que aparecen na programación.</td></tr>
<tr><td>Cualificación final</td><td>🗁 ALUMNADO COA MATERIA APROBADA (todas as avaliacións superadas):<br>A nota final consistirá na porcentaxe das tres avaliacións que aparecen recollidas na programación á que se lle sumará directamente a nota obtida pola realización das actividades de ampliación deste período.<br>🗁 ALUMNADO CON ALGUNHA AVALIACIÓN SUSPENSA:<br>A nota final da materia será a obtida no exame global de contidos mínimos realizado na avaliación ordinaria de xuño. A proba terá un valor e 10 puntos. Neste caso, dita proba será o único instrumento de avaliación que se terá en conta, e considerarase superada cando se acade una puntuación igual ou superior a 5 puntos.<br>A decisión de promoción/titulación será unha competencia da Xunta de avaliación. A decisión será colexiada.</td></tr>
</table>

| CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES | |
|---|---|
| **Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances** | |
| 1. Marco xeográfico da lingua. | Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, e situar con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica |
| 2. O indoeuropeo e as linguas indoeuropeas | Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa actualmente. Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa. |
| 3. Do latín as linguas romances | Coñecer e enumerar as linguas romances e localizalas nun mapa. Distinguir e identificar palabras patrimoniais e cultismos. Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos. |
| **Bloque 2. Sistema da lingua latina: elementos básicos** | |
| 1. Orixes da escritura. Sistemas de escritura | Coñecer diferentes sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto. Coñecer a orixe do alfabeto latino. Coñecer a orixe latina do noso alfabeto e sinalar as principais modificación que tiveron lugar en galego e en castelán. Coñecer e identificar os tipos de alfabeto empregados hoxe en día en Europa. |
| 2. Pronuncia do latín | Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas de pronuncia en latín. |
| **Bloque 3. Morfoloxía** | |
| 1. Formantes das palabras. | Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma. |
| 2. Tipos de palabras: variables e invariables. | Distingue palabras variables e invariables. |
| 3. Concepto de declinación e conxugación | Comprender o concepto de declinación e conxugación Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente. |
| 4. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes. | Enunciar correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente. |
| 5. Flexión verbal. | Identificar as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado. Coñecer e identificar as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación Coñecer os formas persoais do verbo do tema de presente e do tema de perfecto, en indicativo. tanto en voz activa como en voz pasiva.<br>Coñecer as formas non persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo, e os participios de presente e perfecto. Coñecer o uso deste último para formar a voz pasiva do tema de perfecto en voz pasiva no mo-do indicativo. Traducir correctamente |

| | |
|---|---|
| | galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas. |
| **Bloque 4. Sintaxe** | |
| 1. Elementos da oración. | Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración. |
| 2. Los casos | Coñecer os nomes dos casos latinos e as súas principais funcións na oración, e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente. Traducir correctamente os casos latinos presentes nos textos e redactar en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso. |
| 3. Concordancia | Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no castelán. |
| 4. Oración simple e composta | Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple Coñecer os tipos de oracións compostas máis sinxelos (esp. a oración de relativo). |
| 5. Construcións de infinitivo e de participio máis transparentes. | Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis transparentes |
| **Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización** | |
| 1. Períodos da historia de Roma. | Distinguir as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras Saber enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente. Elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información. |
| 2. Organización política e social de Roma | Describir os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano. Describir a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en comparación cos actuais. |
| 3. A familia romana. | Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros e analizar a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos actuais. |
| 4. Mitoloxía. | Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina. |
| 5. Vida cotiá: vivenda, alimentación e indumentaria. | Recoñecer os tipos de vivenda empregados en Roma, as características principais da alimentación romana, os elementos da indumentaria e as normas de hixiene persoal, peiteados e cosméticos. |
| 6. A cidade e os espectáculos públicos: teatro, circo e anfiteatro. | Coñecer os principais edificios públicos da cidade de Roma, especialmente os dedicados á espectáculos públicos. Coñecer os espectáculos públicos realizados no teatro, no circo e no anfiteatro, e a súa relación co mundo actual. Sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes. |

## Avaliación e cualificación

| Bloque 6. Textos | |
|---|---|
| 1. Análise morfolóxica e sintáctica. | Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión. |
| 2. Iniciación ás técnicas de tradución | Utilizar correctamente os manuais de gramática e o vocabulario, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan. |
| 3.Lectura comprensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos. | Realizar a través dunha lectura comprensiva o comentario do contido e a estrutura de textos latinos traducidos. Realizar comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias. Elaborar mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes. |
| 4. Produción de pequenos textos propios en lingua latina | Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín. Realizar pequenos coloquios en latín con frases sinxelas e de dificultade progresiva. |
| **Bloque 7. Léxico** | |
| 5. Vocabulario básico latino | Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia. |
| 6. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos | Identificar e explicar os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado. |
| 7. Locucións latinas de uso actual | Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas no seu contexto axeitado. |
| 8. Antropónimos e topónimos | Coñecer e explicar os principais antropónimos e topónimos de orixe latina. |

## RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DUNHA PROBA ESCRITA

| | EXCELENTE<br>Sobresaínte (9-10) | MOI AVANZADO<br>(Notable 7-9) | SATISFACTORIO<br>(Ben, Suficiente: 5-7) | BÁSICO<br>(Suspenso3-5) | ESCASO<br>ou<br>Suspenso (0-3) |
|---|---|---|---|---|---|
| **PRECISIÓN NAS RESPOSTAS** | Todas as respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión. | Case todas as respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión. | A maioría das respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión. | Poucas respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión. | A maioría das respostas non desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión. |
| **PRESENTACIÓN** | Todas as respostas están presentadas con limpeza e pulcritude. | Case todas as respostas están presentadas con limpeza e pulcritude. | A maioría das respostas están presentadas con limpeza e pulcritude. | Poucas respostas están presentadas con limpeza e pulcritude. | A maioría das respostas non están presentadas con limpeza e pulcritude. |
| **NÚMERO DE PREGUNTAS RESPONDIDAS** | Todas as preguntas están respondidas. | Respondeu polo menos o 80% das preguntas. | Respondeu polo menos o 70% das preguntas. | Respondeu polo menos o 50% das preguntas. | Respondeu menos do 50% das preguntas. |
| **GRAMÁTICA E ORTOGRAFÍA** | Non hai erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación e o texto lese con fluidez. | Case non hai erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación e o texto lese con fluidez. | Hai dous erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación, e o texto ten algunha dificultade para entenderse. | Hai tres erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación, e o texto enténdese con dificultade. | Hai máis de tres erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación, e o texto non se entende. |

# RÚBRICA PARA AVALIAR A EXPOSICIÓN ORAL DE TRABALLOS

| | EXCELENTE<br>Sobresaínte (9-10) | MOI AVANZADO<br>(Notable 7-9) | SATISFACTORIO<br>(Ben, Suficiente: 5-7) | BÁSICO<br>(Suspenso3-5) | ESCASO<br>O<br>Suspenso (0-3) |
|---|---|---|---|---|---|
| **PRESENTACIÓN** | O alumno preséntase de xeito formal e dá a coñecer o tema da presentación e o obxectivo que pretende. | O alumno preséntase de forma rápida e dá a coñecer o tema da presentación e o obxectivo que pretende. | O alumno preséntase de forma rápida e comeza a súa exposición sen mencionar o tema do que trata. | O alumno preséntase sen dicir o seu nome e menciona o tema de forma moi xeral. | Empeza a súa exposición sen facer unha presentación inicial. |
| **EXPRESIÓN ORAL** | Utiliza un vocabulario adecuado e a exposición é coherente. | O vocabulario é adecuado e a exposición é clara. | Fáltalle vocabulario e ten algún problema para expresar correctamente as súas ideas. | Manexa un vocabulario moi básico e ten problemas para transmitir con claridade as súas ideas. | Ten un vocabulario moi básico e non logra transmitir con claridade as súas ideas. |
| **VOLUME DE VOZ** | O seu volume de voz é adecuado, suficientemente alto como para ser escoitado desde todas as partes da aula, sen ter que berrar. | O seu volume de voz é adecuado e alto para ser escoitado por todos, aínda que, ás veces, cando dubida, baixa o volume. | Non é escoitado por toda a aula cando fala en voz alta, agás se se sente moi seguro e aumenta o seu volume de voz por uns segundos. | O seu volume de voz é medio e ten dificultades para ser escoitado por todos na aula. | O seu volume de voz é moi baixo como para ser escoitado por todos na aula. |
| **EXPRESIVIDADE** | As súas expresións faciais e a súa linguaxe corporal xeran un forte interese e entusiasmo sobre o tema nos outros. | Expresións faciais e linguaxe corporal que xeran en moitas ocasións interese e entusiasmo, aínda que algunhas veces se perde e non presenta toda a información. | Expresións faciais e linguaxe corporal que xeran nalgunhas ocasións interese e entusiasmo, aínda que moitas veces se perde e non presenta toda a información. | As súas expresións faciais e a súa linguaxe corporal mostran unha actitude pasiva e non xeran moito interese, pero algunhas veces, cando fala de algo que lle gusta moito, é capaz de mostrar algo de entusiasmo. | Moi pouco uso de expresións faciais ou linguaxe corporal. Non xera interese na forma de falar. |

| | EXCELENTE<br>Sobresaínte (9-10) | MOI AVANZADO<br>(Notable 7-9) | SATISFACTORIO<br>(Ben, Suficiente: 5-7) | BÁSICO<br>(Suspenso3-5) | ESCASO<br>O<br>Suspenso (0-3) |
|---|---|---|---|---|---|
| **INCLUSIÓN DOS ASPECTOS RELEVANTES** | Expón claramente o traballo e achega referencias aos coñecementos traballados. | Expón claramente o traballo, pero non relaciona toda a exposición cos coñecementos traballados. | Expón claramente o traballo, pero non o relaciona cos coñecementos traballados. | Ten dificultade para expoñer o traballo porque non entende os coñecementos traballados. | Non expón o traballo nin coñece os conceptos traballados necesarios para a súa realización. |
| **EXPLICACIÓN DO PLAN DE TRABALLO** | Explica cada paso con detalle, con lóxica e cronoloxicamente na orde na que o realizou. | Explica todos os pasos claramente, pero leouse un pouco coa orde. | Explica todos os pasos claramente, pero leouse na orde e foi necesario reorganizalo a través de preguntas. | Presenta dificultade á hora de diferenciar os pasos que deu e necesita axuda para explicalos con claridade. | Non identifica os pasos que deu nin é capaz de reconducir o discurso de forma guiada. |
| **RECURSOS DIDÁCTICOS** | A exposición acompáñase con soportes audiovisuais en diversos formatos, especialmente atractivos e de moita calidade. | Soporte visual adecuado e interesante na súa xusta medida. | Soporte visual adecuado. | Soporte visual non adecuado. | Sen soporte visual. |
| **TEMPO** | O alumno utilizou o tempo adecuado e cerrou correctamente a súa presentación. | O alumno utilizou un tempo axustado ao previsto, pero cun final precipitado ou excesivamente longo por falta de control do tempo. | O alumno utilizou o tempo adecuado, pero faltoulle cerrar a súa presentación; ou ben non utilizou o tempo adecuado, pero incluíu todos os puntos da súa presentación. | Excesivamente longo ou insuficiente para poder desenvolver o tema correctamente. | O alumno esqueceu por completo o tempo que tiña e saíu do tema. |

## 5 . INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Ao longo do proceso educativo, a profesora valorará aspectos do proceso do ensino e da práctica docente para así poder aportar melloras ao proceso. Para iso, usaremos as seguintes táboas:

| **MATERIA:** | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DO ENSINO** | **ESCALA** | | | | **Observacións** |
| | **1** | **2** | **3** | **4** | |
| 1. O nivel de dificultade foi adecuado as características do alumnado. | | | | | |
| 2. Conseguiuse formar un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe. | | | | | |
| 3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado. | | | | | |
| 4. Conseguiuse a participación activade todo o alumnado. | | | | | |
| 5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado. | | | | | |
| 6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado. | | | | | |
| 7. Adaptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | | |
| 8. Adaptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | | |
| 9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado. | | | | | |
| 10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación. | | | | | |
| 11. Dase un peso real á observación do traballo na aula. | | | | | |
| 12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo. | | | | | |

| MATERIA: | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE.** | **ESCALA** | | | | **Observacións** |
| | **1** | **2** | **3** | **4** | |
| Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado. | | | | | |
| Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa. | | | | | |
| Elabóranse actividades pensando na diversidade. | | | | | |
| Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE. | | | | | |
| Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar. | | | | | |
| Combínase o traballo individual e en equipo. | | | | | |
| Poténcianse estratexias de animación á lectura. | | | | | |
| Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita. | | | | | |
| Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe. | | | | | |
| Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar. | | | | | |
| Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas/traballos, etc,. | | | | | |
| Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc,. | | | | | |
| Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros. | | | | | |
| Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación. | | | | | |
| Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostase aprobadas. | | | | | |
| As medidas de apoio, reforzo, et., están claramente vinculadas aos estándares. | | | | | |

# 6. PLAN XERAL DE RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE DE CULTURA CLÁSICA.

Este plan está dirixido ao alumnado que promocionou a 4º de ESO sen superar a materia de Cultura Clásica de 3º de ESO

. O seu obxectivo é a recuperación das aprendizaxes non adquiridas para poder superar a súa avaliación.

Os contidos esixibles para o alumnado coa materia pendente de cursos anteriores cinxiranse ao dos MÍNIMOS ESIXIBLES, xa fixado nesta mesma programación.

NOTA: a pesar de que esta programación se dirixa fundamentalmente aos cursos pares, reflíctense os criterios para a recuperación das materias pendentes de 3º da ESO,

Seguimento:

O seguimento do alumnado que teñan pendente Cultura Clásica de 3º de ESO será realizado - no curso 2022/ 2023 –pola xefa do departamento de Latín, que será responsable de informar, entregar o plan de recuperación establecido polo Departamento, resolver dúbidas e avaliar. Así mesmo, informará as familias cando a titora/titor requírao sobre a avaliación na forma que estableza Xefatura (titorías, informes impresos ou plataformas dixitais).

−A Xefa de Departamento estará á súa disposición para resolver as súas posibles dúbidas.

- **Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.**

  Plantéxanse actividades variadas e de dificultade gradual por tema.

- **Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.**

  Libro de texto, que será proporcionado a principios do curso e deberá ser devolto en xuño

  Fotocopias e folios.

- **Tarefas para realizar, coa debida temporización.**

  Entragarase a cada alumno ou alumna o material coas actividades para que sexan devoltas corrixidas no prazo sinalado. O alumno entregará as actividades perfectamente identificadas, escritas a bolígrafo, con boa ortografía e caligrafía, ordenadas e limpas.

| 1ª AVALIACIÓN | | |
|---|---|---|
| **Contidos** | **DATA DE ENTREGA** | **DATA LÍMITE DE DEVOLUCIÓN** |
| Unidades 1, e 2 | 26 DE OUTUBRO DE 2022 | 18 NOVEMBRO 2022 |
| **2ª AVALIACIÓN** | | |
| **Contidos** | **DATA DE ENTREGA** | **DATA LÍMITE DE DEVOLUCIÓN** |
| Unidades 3, 4, 5 e 6 | 25 DE NOVEMBRO | 3 DE MARZO 2023 |
| **3ª AVALIACIÓN** | | |
| **Contidos** | **DATA DE ENTREGA** | **DATA LÍMITE DE DEVOLUCIÓN** |
| Unidades 7, 8, 9 e 10 | 16 DE MARZO 2023 | 12 DE MAIO 2023 |

**TERCEIRA SEMANA DE MAIO: REALIZACIÓN DA PROBA ESCRITA PARA RECUPERAR AS AVALIACIÓNS NON SUPERADAS.**

- **Seguimento e avaliación.**

As tarefas entregaranse e avaliaranse trimestralmente.

A cualificación trimestral será a que se obteña da realización das actividades realizadas en cada trimestre. A realizacion das actividades e a sua entrega – para a correccion- nas datas fixadas representara o 100% da nota da avaliacion.

Se o alumno ou alumna non entrega ou realiza de forma deficiente as actividades, terá que realizar unha proba escrita nas datas sinaladas en cada trimestre.

Se o alumo ou alumna non supera a materia, terá que realizar unha proba escrita final das partes suspensas, na segunda quincena de maio. **(DATA PROVISIONAL: 19 MAYO).**

**De non aprobar en maio se realizará una proba de recuperación global (contidos mínimos da materia) na avaliación ordinaria de xuño.** Dita proba será o único instrumento de avaliación que se terá en conta. A nota final da materia será a obtida no exame global de contidos mínimos realizado na avaliación ordinaria de xuño. A proba terá un valor e 10 puntos e considerarase superada cando se acade una puntuación igual ou superior a 5 puntos.

- **Acreditación da información á familia.**

  Este documento entrégase ao titor ou titora que trasladará a información a alumnado e a súa familia, deixando constancia da recepción do mesmo.

## 7. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

Ao comezo do proceso , nas primeiras semanas lectivas, realizarase a avaliación inicial para obter información sobre a situación dos alumnos, e detectar as deficiencias que poidan dificultar as aprendizaxes, e en tal caso modificar a programación.

Realizarase unha proba inicial diagnostica, que servirá de orientación ao profesor respecto aos coñecementos e actitudes de partida do alumnado. Constará de:

- Na primeira, mediante unha serie de preguntas que precisan unha resposta concisa, avaliáranse os coñecementos previos dos alumnos en certas cuestións básicas de historia e cultura antigas (relixión e arte principalmente) que xa estudaran en cursos anteriores.
- A segunda consistirá na lectura atenta dun texto e facer un resumo do mesmo, co fin de coñecer a competencia na comprensión lectora e na escritura das que

partimos.

- Preguntaranse certas cuestións básicas de morfoloxía e sintaxe española e galega, cuxa aplicación será necesaria no estudo da lingua latina (Este apartado só o incluiremos na proba inicial de Latín).

As sesións de avaliación inicial realizaranse o 18 de Outubro de 2017.

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais do noso alumnado; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

# 8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Se contempla a necesidade puntual de REFORZO e ADAPTACIÓNS CURRICURAIS naqueles casos nos que haxa alumnos con dificultades de aprendizaxe. Para iso se estudará cada caso particular coa axuda do DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos aplicar:

**Medidas de reforzo**: por reforzo educativo entendemos aquelas medidas ordinarias de atención á diversidade que afectan á secuenciación de contidos, á forma e instrumentos de avaliación ou á organización da clase. Son accións educativas específicas, adicionais ou complementarias, no marco do traballo na aula, para atender dificultades de aprendizaxe que non precisen doutras adaptacións curriculares máis fondas.

As medidas previstas variarán en función das características do alumno ou alumna e do curso, as máis frecuentes son: practicar a lectura comprensiva, subliñando e sintetizando un texto por escrito ou resumíndoo oralmente, elaboración de resumos e esquemas, aclaración e realización de actividades sobre o libro de texto ou sobre outro material, aprendizaxe dunha presentación correcta do caderno. En definitiva, reforzar a aprendizaxe daquelas destrezas que a maior parte do alumnado do seu nivel xa ten adquiridas.

A atención a diversidade na aula foi un dos obxectivos básicos da LOE para o Ensino Secundario Obrigatorio e continúa a selo para a LOMCE:

**Alumnado con dificultades de aprendizaxe:** se fose preciso, levaríamos a cabo os apoios e reforzos necesarios na área de Cultura Clásica, seguindo as indicacións do Gabinete de Orientación..

**Alumnado que se incorpora tardiamente ao sistema educativo** e que pode necesitar apoio na lingua galega ou castelá, á parte do apoio para acadar o nivel necesario para o estudo das diferentes materias.

- **Alumnado con altas capacidades intelectuais** para os que é necesario proporcionar un estímulo intelectual suplementario e para os que se pode flexibilizar a promoción.

- **Alumnado con necesidades educativas especiais**, derivadas de discapacidades ou de trastornos graves de conduta.

Coa axuda do Gabinete de Orientación, teremos en conta estas variables á hora de deseñar estratexias de aprendizaxe, cando se presente algún caso concreto.

Sempre que a Xunta de Avaliación o decida, levaranse a cabo adaptacións curriculares, en colaboración co Gabinete de Orientación. No caso de Adaptacións Curriculares estas son aprobadas pola Inspección correspondente.

No caso das ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN intentaranse proporcionar todas aquelas que sexan necesarias e posibles. Cada profesor dispón de materias axeitados para cada ciclo.

En todos os casos se intentará aplicar as Novas Tecnoloxías como parte dos instrumentos e competencias básicas que deben conseguir os alumnos.

Procuraremos potenciar a expresión escrita (elaboración de resumos, comentarios, informes e traballos) e oral (traballo en equipo, debates, exposición de traballos...).

Con respecto aos alumnos repetidores, terase en conta o seu rendemento no curso anterior. Aqueles casos nos que o rendemento nas materias das que se ocupa o noso departamento tivera sido especialmente baixo, serán obxecto de especial atención e seguimento.

En concreto na materia de **Cultura Clásica** as liñas de actuación serán:

Repaso das nocións vistas con anterioridade e consideradas necesarias para a comprensión da unidade, tomando nota das dificultades detectadas.

- Introdución de cada aspecto lingüístico, sempre que sexa posible, mediante as semellanzas ou pervivencia dos mesmos no castelán e no galego.

- Realización de exercicios apropiados cara a afianzar os contidos lingüísticos, culturais e léxicos traballados na unidade.

- Coa finalidade de atender a aqueles alumnos que teñan problemas na asimilación de contidos, prepararanse exercicios de dificultade graduada para os temas lingüísticos e léxicos; para os temas culturais pediráselles a realización de breves lecturas, así como esquemas das mesmas. Mentres se realizan estas actividades de recuperación, aqueles alumnos que teñan alcanzado satisfactoriamente os contidos propostos levarán a cabo tarefas como a realización de pequenos traballos de investigación sobre temas culturais, lecturas complementarias e ampliación de léxico da propia lingua relacionados co tema, mediante dicionarios ou textos apropiados.

En concreto, **p**ara dar resposta á diversidade realizaranse actividades e exercicios axeitados co fin de afianzar os contidos lingüísticos, culturais e léxicos traballados en cada unidade, tendo en conta que:

• Para os alumnos nos teñan algunha dificultade na asimilación dos diversos contidos, prepararanse exercicios de dificultade graduada para os temas lingüísticos e léxicos; para os temas culturais pediráselles a realización de breves lecturas e esquemas destas, sempre acompañadas da axuda do profesor.

• Mentres se realizan estas actividades de recuperación, aqueles alumnos que acadasen satisfactoriamente os contidos propostos realizarán tarefas preparadas de antemán para profundizar neles, como realización de pequenos traballos de investigación en Internet sobre temas culturais, traducións ou lecturas complementarias e ampliación de léxico da propia lingua relacionado co tema, mediante dicionarios ou textos apropiados.

Farase ao principio de curso unha avaliación inicial. Esta avaliación daranos información sobre os coñecementos que posúe o alumno tanto no ámbito lingüístico en xeral como da nosa materia en particular. A partir desta información realizaranse todas as adaptacións individuais que se precisen.

## 9. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA.

Seguindo o Decreto 86/2015 do 25 de xuño este departamento traballará a través dos estándares de cada materia a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional.

Os valores convértense, explicitamente ao longo da materia, en eixes fundamentais da selección de contidos e das perspectivas de análise, pois o obxectivo principal é a formación de persoas nun ámbito de convivencia, de tolerancia e respecto aos demais.

Comentaranse aqueles elementos e costumes da sociedade romana que se consideran socialmente útiles ou criticaranse aqueles outros que evidencian comportamentos e ideas lesivas para a sociedade ou o individuo.

**- Educación para a Igualdade de Oportunidades de Ambos Sexos:** o coñecemento das orixes e defectos dunha sociedade patriarcal (no tema de A

Familia e A Educación), permite apreciar mellor a necesidade dunha correcta armonía nas relacións entre ambos sexos.

**- Educación para a Paz:** este tema desenvólvese con A Relixión Romana e Os Espectáculos entre outros.

**- Educación moral e cívica:** pódese tratar a través do estudo da historia de Roma, das discriminacións sociais. A crítica da sociedade romana permite unha **mellor educación para a democracia.**

**- Educación Ambiental:** ao mesmo tempo que se pretende que o alumno recoñeza e identifique restos arqueolóxicos clásicos, promoverase o mantemento dun compromiso persoal para lograr a conservación de toda pegada no contorno natural, sabendo apreciar os avances tecnolóxicos e o respecto das antigas civilizacións pola natureza.

**- Educación para a saúde:** O estudio da importancia da hixiene na antigüidade faranos valorar a idea do coidado do corpo e da mente para favorecer a nosa realización como persoas.

## 10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Aproveitar a proxección dalgún documental ou película na TV relacionada con algúns dos contidos impartidos.

Colaboración e participación no programa Portfolio europeo das linguas.

Colaboración e participación nas actividades organizadas pola Biblioteca e o Club de Lectura.

- En xeral, calquera concurso, certame ou convocatoria que se oferte ao centro, e que implique a realización de tarefas específicas por parte do alumnado: concursos por internet, de vídeo, creación literaria, artística, etc.
- PLAN PROXECTA, participación nos diferentes programas nos que foi admitido o Centro, así como nas actividades propostas nos mesmos

En canto ás actividades extraescolares o Departamento está aberto á posibilidade de visitar exposicións, asistir a conferencias, representacións teatrais ou calquera outras

actividades que garden relación coas temáticas desenvolvidas nos currículos. A concreción destas actividades dependerá da oferta cultural e os recursos ao noso alcance.

Estaremos pendentes e dispostos a participar nas actividades que poidan xurdir coa marcha do curso.

Convén coordinar estas e outras actividades co máximo número de departamentos para ser máis enriquecedoras e económicas.

Na segunda avaliación (marzo ou abril), sempre que sexa posible realizaremos unha viaxe a Lugo, xunto co departamento de Xeografía e Historia para asistir á representación dunha obra de teatro clásico pola tarde e a unha actividade no Museo de Lugo pola maña.

## 11. ACCIÓNS E CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.

Reflexionando sobre a importancia das Novas Tecnoloxías na sociedade actual, valoramos o seu avance continuo e a súa utilidade para realizar múltiples tarefas.

Detalle de habilidades onde se desenvolverán:

- Traballo cos ordenadores asumindo o feito de que para aproveitar un ordenador non son necesarios grandes coñecementos informáticos.
- Utilización de programas informáticos (procesamento de textos, tratamento da imaxe …) cunha utilidade informativa, didáctica e comunicativa.
- Busca e selección de información a través de Internet para cumprimentar información, busca de datos, realización de traballos, etc
- Comunicación interpersoal e traballo colaborativo.
- Entretemento e aprendizaxe coas TICs.

No capítulo de novas tecnoloxías, ademais do uso do clásico DVD, empregaremos programas e xogos didácticos en CD ROM, porque parece demostrado que son eficaz ferramenta de achegamento aos rapaces.

Incentivarase o uso de internet, para atopar información e o profesor servirá coma guía, sobre todo na faceta sensible de discriminar a inxente cantidade de información inicial, onde se perden inevitablemente os rapaces se traballan solos.

O alumnado de 4º de ESO dispón de ordenador persoal do proxecto EDIXGAL, ademáis, disponemos da aula de informática, e pizarra dixital nas aulas, para as explicación das unidades didácticas, a busca de información en internet, a presentación dos traballos en Power Point.

Incentivarase a elaboración de traballos e tarefas de casa coa aplicación de

programas informáticos de tratamento de textos e presentacións. O emprego de recursos e materiais procedentes de Internet e a súa proxección mediante o canón soe ser habitual nas clases de Cultura Clásica e Latín .

## 12. ACCIÓNS E CONTRIBUCIÓN AO E PROXECTO LECTOR.

**OBXECTIVOS**

- Desenvolver e consolidar o hábito lector no alumnado
- Integrar a comprensión lectora nas clases de Ciencias Sociais dentro do plan xeral do Proxecto Lector do Centro
- Incluír lecturas específicas, normalmente de carácter narrativo ou periodístico.
- Ensinar aos alumnos a ler textos históricos, xeográficos ou artísticos.
- Achegar aos alumnos á lectura de informacións que permitan o debate razoado sobre temas de actualidade
- Crear e/ou fomentar hábitos de lectura e escritura. Crear no alumnado una "necesidade" da lectura tanto no plano académico como por pracer persoal.
- Crear e/ou fomentar hábitos de estudio e traballo. Promover a lectura como vía de
- acceso á información.
- Conseguir que trala escolaridade o alumno teña adquirido o gusto pola lectura, o
- hábito de ler e estratexias de busca de información. Fomentar o interese pola cultura en xeral.

- Fomentar a aprendizaxe autónoma. Potenciar o sentido crítico e selectivo en canto ás lecturas.

En resumo, axudar a que o alumnado adquira as competencias básicas (competencia lingüística, tratamento da información e competencia dixital, competencia cultural e artística, competencia de aprender a aprender).

Co fin de garantir e asegurar as competencias básicas en canto á comprensión lectora do alumnado do IES "Catabois", o Departamento de Linguas Clásicas espera poder contribuír eficazmente a potenciar tanto a lectura silenciosa como a lectura en voz alta na aula, acompañándoa sempre de actividades de comprensión lectora..

Este departamento colaborará co proxecto dinamizador da Biblioteca en todas aquelas tarefas que lle sexan asignadas, como o programa vixente actualmente no centro para fomentar a lectura, que consiste en adicarlle vinte minutos ás lecturas propostas durante a clase en cada trimestre.

**Respecto á Biblioteca Escolar:**

- Participación activa no Club de Lectura
- Participación activa no Concurso da Biblioteca.

**Respecto ao Instituto en xeral: :**

Participación nas actividades programadas para conmemorar :

- Día da Constitución: faranse lectura e comentarios dalgúns artigos da Constitución Española..
- Conmemoración da Constitución e do Estatuto da Autonomía de Galicia: 1 ó 11 de Decembro.
- Día de Declaración Universal dos Dereitos Humanos: 10 de Decembro. Traballarase nas clases con lectura e comentario da prensa daquelas noticias nas que se violen os dereitos humanos.
- Día Internacional da Muller. 8 de Marzo. Realizaranse actividades relacionadas co tema nas aulas.
- Día de Europa: 9 de Maio.
- Participación nas actividades programadas para Conmemorar o Día do Libro durante o mes de abril, e nas actividades para a celebración do Día das Letras Galegas no mes de maio.

## METODOLOXÍA PARA DESENVOLVER A COMPETENCIA LECTORA E DE ESCRITURA

Para todos os cursos:

- Lectura diaria dos libros de texto. En cada unidade incluiremos unha lectura específica tentando que o alumnado comprenda os conceptos, interprete o texto e reflexione, aportando a súa opinión persoal sobre algún dos aspectos estudados e que implican a transformación do estudado en coñecemento propio.
- Así mesmo dedicaremos un mínimo de 5 minutos de cada clase á lectura colectiva, tanto ás lecturas obrigatorias coma a libros de consulta.
- Incidir na lectura previa da totalidade das preguntas de actividades, exames, exercicios para resolver dúbidas de comprensión.
- Lecturas en voz alta nas clases, especialmente co alumnado que máis dificultades
- teñan.
- Coidar a redacción de todo o que presentemos ao alumnado.
- Corrixir aos alumnos cando usen expresións de carácter coloquial nas súas respostas, redaccións, traballos...
- Intentar diversificar o material didáctico (formularios, noticias, gráficos, mapas,...)
- Incorporar as TICs no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Fomentar o uso dunha caligrafía coidada e unhas pautas de presentación tendo en conta cuestións coma a orde e a limpeza.
- Ensinanza de estratexias de comprensión lectora como:
  - Dedución de termos descoñecidos a partir do sentido xeral do texto.
  - Selección de ideas principais. Formular a idea principal tras a lectura dun texto
  - Realización de esquemas.
  - Elaboración de glosarios
  - Incidir na necesidade da creación dun borrador ou esquema previos coas ideas que se van a desenvolver posteriormente na redacción.
- Lectura de textos literarios, históricos, ensaísticos, xornalísticos e xeográficos relacionados coa materia a impartir (Historia, Xeografía, Valores Éticos, Cultura Clásica).
- Comentario oral ou por escrito dos citados Textos .

# 13. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.

- **Obxectivos xerais:**
  - Contribuír a mellorar o clima de convivencia no Centro en todos os espazos escolares (aulas, biblioteca, corredores, patio,…).
  - Participar no proceso educativo con principios de responsabilidade e solidariedade.
  - Desenvolver mecanismos de funcionamento orientados a xerar confianza en medios alternativos tanto á violencia como a actitudes de permisividade e mesmo de xustificación.
  - Favorecer a comunicación e a toma de decisións por consenso entre todos os membros da comunidade educativa.
- **Obxectivos específicos:**
  - Propiciar procesos de reflexión ao alumno que foi expulsado da aula.
  - Desenvolver a capacidade de analizar os propios estados emocionais antes, durante e despois da situación.
  - Estimular actitudes que permitan que cada alumno sexa quen de situarse no lugar dos demais e detectar as emocións e sentimentos que pode sentir nas diferentes situacións.
  - Valorar as causas e as consecuencias da expulsión da aula para os alumnos directamente implicados e para o resto do alumnado afectado de xeito máis indirecto.
  - Establecer compromisos de actuación para rectificar as condutas inadecuadas.
  - Levar a cabo un seguimento do alumnado que pasa pola Aula de Convivencia, sobre todo de quen ten que ir en máis dunha ocasión.
  - Colaborar, achegando información, opinión e suxestións, con Xefatura de Estudos e co Departamento de Orientación.
  - Manter unha relación estreita co profesorado en xeral, equipos educativos e co profesorado titor.
  - Propiciar no grupo un clima de traballo presidido pola harmonía e pola participación e recoñecendo a autoridade do profesor.

## 14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Os datos dos controis cotiás, así como os indicadores de logro, servirán para avaliar o grao de adquisición de competencias por parte do alumnado e sacar conclusións de seguimento e avaliación mensual da programación.

Os resultados trimestrais servirán para unha avaliación mais exhaustiva que levará a confirmar ou modificar a organización dos contidos, a metodoloxía, as actividades didácticas ou os criterios das probas de avaliación dos alumnos recollidas nesta Programación inicial. Ao fin de establecer unha avaliación plena de todo o proceso o Departamento avaliará:

- Desenvolvemento en clase da Programación.
- Adecuación dos obxectivos e contidos ás necesidades reais.
- Propostas de mellora.
- Ao finalizar cada trimestre, recolleremos estes datos na seguinte táboa, e estes e outros aspectos quedarán reflectidos na Memoria Anual do Departamento.

| **MATERIA:** | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **INDICADORES A EVALUAR** | **ESCALA** | | | | **PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL** |
| | **1** | **2** | **3** | **4** | |
| O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas. | | | | | |
| Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar. | | | | | |
| Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación | | | | | |
| Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación. | | | | | |

| MATERIA: | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **INDICADORES A EVALUAR** | **ESCALA** | | | | **PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL** |
| | **1** | **2** | **3** | **4** | |
| Adecuación da estratexia metodolóxica. | | | | | |
| Adecuación da secuencia de traballo na aula. | | | | | |
| Adecuación dos materiais didácticos utilizados. | | | | | |
| Adecuación do libro de texto (no caso de que se use). | | | | | |
| Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc. | | | | | |
| Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación. | | | | | |
| Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. | | | | | |
| Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación. | | | | | |
| Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. | | | | | |
| Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. | | | | | |
| Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar. | | | | | |
| Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE. | | | | | |
| Adecuación das actividades complementarias e extraescolares previstas. | | | | | |
| Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos. | | | | | |

# 15. OBSERVACIÓNS

Ao longo do curso realizarase un seguimento da programación didáctica e da súa posta en práctica.

Ao remate de cada trimestre o Departamento indicará por escrito nas actas os contidos vistos en cada materia ata esa data, expresando claramente se se corresponden co ritmo lectivo esperado. Tamén se reflectirán os resultados obtidos nas distintas avaliacións facendo unha valoración dos mesmos, de maneira que durante o curso e sobre todo ao remate do mesmo se poidan comprobar claramente os resultados e deficiencias que poidan ter xurdido.

**Ferrol a 1 de outubro de 2022**

**Xefa do Departamento:**

**Mª Rosa Rodríguez Serantes**



**Asdo.: Mª Rosa Rodríguez Serantes**